

sociedade

Unha vintena de persoas reciben os premios Milagrosista do Ano. **Pax. 7**

entrevista

Falamos con María Jesús Díaz-Freijo, coordinadora do transporte en Alcer. **Pax. 6**

cultura

As festas de San Froilán xa presumen de cartel anunciador. **Pax. 10**

infraestruturas

O Concello paraliza as obras da plataforma para o baño da Tolda por un informe. **Pax. 14**

zona rural

Confirmada a existencia dun templo altomedieval en San Xoán de Pena. **Pax. 20**

Lugo, unha cidade que garda moitas sorpresas



Novos murais que embelecen as rúas

O da nova pasarela de San Roque e da praza da Liberdade súmanse á decoración urbana da cidade. **Pax. 9**

Lugo aproba finalmente o PXOM

Tras once anos, o Goberno dos socialistas saca adiante o documento urbanístico. **Pax. 13**

A Deputación será a anfitroia da Copa Creativa

Este título reconece iniciativas que promocionen o desenvolvemento sostible. **Pax. 21**

Ocio e deporte no verán



No mes de agosto chegan actividades, enmarcadas cara á zona fluvial. **Pax. 5**

Música a carón da Muralla



23 grupos actuarán na Mosqueira as fins de semana do verán. **Pax. 8**

Equipo Alpha Wolf Pack



O equipo lucense de jiu jitsu invita a probar este deporte de contacto. **Pax.29**



VA VEIGUELA ABOGADOS

SERVICIOS JURÍDICOS INTEGRALES
DESDE HACE MÁS DE 30 AÑOS

**SI ERES EMPRESARIO O AUTÓNOMO,
CONTRATA NUESTRO SERVICIO DE
TARIFA PLANA EN ASESORAMIENTO
JURÍDICO CONTINUADO**

¡Consúltenos!

Plaza Mártires de Carral, nº 7, Entlo. Dcha., Lugo. 982 228 606
veiguelabogados veiguela abogados

A FONDO

Lugo, unha viaxe á porta da casa

A cidade ofrece múltiples segredos para o turista ocasional pero tamén para o veciño que convive con eles todos os días

Reza o refrán que canto máis cerca, máis lonxe. E, as veces, semella que ten razón. O verán está aquí e algúns lucenses buscan destino no que pasar as súas vacacións. Moitos soñan con grandes viaxes nos que gozar de praias infindas de area branca ou coñecer países na outra punta do mundo. Outros, confórmanse con terras mais cercanas, con seguro de sol.

Pero poucos se contentan se a situación, sexa cal sexa, lles obriga a quedarse en Lugo. A cidade, que a simple vista, nos parece que ten pouco que ofrecer pódese ver diferente tan só con dedicarlle unhas horas das nosas vacacións e uns ollos que a miren como turistas. Lugo é patrimonio, é cultura e é bo comer pero, sobre todo, é unha cidade que garda máis dunha sorpresa.

Moitos son os turistas que, cada ano, se achegan a Lugo para pasear entre patrimonio e natureza; pero, os lucenses coñecen, realmente, as marabillas que esconde a cidade que teñen baixo os seus pés.

Comecemos polo principio. Nunha viaxe por Lugo non podemos esquecer certos patrimonios históricos que todo lucense coñece, entre eles a Muralla, a Ponte Romana ou a Catedral.

Con máis de 2000 anos ás súas costas, e un título de Patrimonio da Humanidade, a Muralla romana de Lugo está constituída por 85 cubos e 10 portas de entrada ao casco histórico. Este contraforte de máis de 2 quilómetros de circunferencia pode presumir de ser a única muralla romana que se conserva enteira en todo o mundo. Dar un paseo polo

seu adarve ou rodeala polo seu exterior axuda a dar boa conta da súa maxestuosidade.

Na Muralla destaca a torre da Mosqueira, coroada por dous arcos que lembran ese pasado de fortificación que, en época de Caio Antistio, tiña esta estrutura.

No momento da súa construción, segundo diversos estudos, os romanos só lle abriran dúas portas, as actuais Porta Miñá e Porta Falsa. Con todo, aínda en época romana abríronse a de San Pedro, por onde entraban as calzadas XIX e XX dende Asturica Augusta (Astorga) e Braccara Augusta (Braga); a Porta Nova, que daba a benvinda aos chegados dende Brigantium (Betanzos) e a Porta de Santiago ou do Postigo, que foi modificada posteriormente.

As outras cinco portas que se poden ver na actualidade son de creación moderna, en concreto entre o 1853 e o 1921 abríronse as de San Fernando, a Estación, Bispo Izquierdo, Bispo Aguirre e Bispo Odoario.

Dende a Porta Santiago, decorada polo seu interior cun templete no que se colocou unha imaxe de Santiago Matamoros e un escudo de armas, podemos ver a Catedral de Santa María, o outro gran Patrimonio da Humanidade.

Construída sobre un antigo templo tardorromano, e reformada en diversas ocasións deixa entrever, nos detalles construtivos, a mistura das distintas épocas arquitectónicas, sendo considerada, na súa gran maioría, unha obra de estilo románico. A súa planta é a máis larga e estreita dos templos hispanos e no seu



A praza da Santo Domingo, coa súa aguija e unha das ventás arqueolóxicas

exterior destaca a súa porta norte, refuxiada por un curioso pórtico, aos pés da praza de Santa María. Seguindo neste lateral norte, pódese visualizar a torre do reloxo que mantén un estilo gótico.

Pero se algo destaca desta catedral é a fachada principal, na praza Pío XII. Dúas torres simétricas érguense por riba do edificio unidas entre si polo corpo central cunha sobriedade á que non lle falta detalle. No interior do templo, destacan as pinturas da bóveda do altar maior descubertas hai dez anos.

Quedámonos na praza Pío XII onde se pode descubrir un deses segredos mellor gardados da cidade: O Museo da Domus do Mitreo. Unha casa romana cun espazo de culto que pouco se coñece entre os lucenses.

Nos primeiros anos 2000, arrancaba a escavación neste edificio no que a Universidade de Santiago de Compostela pretendía integrar a súa vicerreitoría. Neses traballos, pronto se atoparon os restos desta domus que se datou entre finais do século II e inicios do III.

Ademais da domus, no que sería a primeira planta, sitúase o Mitreo, un lugar de culto, de orixe oriental e de pequenas dimensións, onde destacaba unha gran ara gravada que se conserva case á perfección.

Pero o máis especial deste museo é, sen lugar a dúbidas, a posibilidade de contemplar os cimentos orixinais da Muralla, sendo este o único punto onde gozar estas vistas.

Ao outro lado da catedral está a praza de Santa María, onde se atopa o edificio do pazo episcopal construído

PROMEDISA
SUMINISTROS MÉDICOS

tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD

COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

en 1743. Pero a maxia desta pequena praza, de planta triangular, non remata aí, senón que tamén acolle unha piscina romana, no subsolo, que foi atopada no 1960 e que se pode ver a través dunha fiestra arqueolóxica, dende 2011.

Subindo a escalinata de Luis Pimentel chegamos ao fondo da praza Maior, unha das xoias deste paseo turístico. Sendo o pulmón verde do casco histórico, e corazón da vida lucense, conta cun monumento aos fundadores romanos da cidade e outro ao poeta Luís Pimentel.

Dende o templete da música, no centro da praza, pódese visualizar o edificio barroco da Casa do Concello ou o modernista Círculo das Artes. As terrazas dos bares dos soportais, son imaxe característica dunha praza que concentra parte da vida da cidade. É precisamente entre as terrazas onde se atopa a rúa doutor Castro, alí atópase outro punto chave, subterráneo, para coñecer o pasado romano da cidade. Trátase da Casa dos Mosaicos, unha visita que axudará a coñecer o luxo que puido chegar vivirse na época máis esplendorosa de Lucus Augusti.

Un non pode deixar o casco histórico sen pasar pola praza de Santo Domingo, onde unha gran aguia a 15 metros de altura rememora o bimilenario da cidade. Ao seu carón, atopamos a praza de San Marcos, sede da Deputación provincial, e que conta con outro achado romano: parte do acueduto que introducía auga dentro da antiga cidade.

Outros restos deste acueduto pódense desfrutar noutros puntos da cidade. Así, en horteiros privados na rúa Flor de Lirio e na rúa Lumbrigante, pódense atopar o inicio desta canle así como un vestixio que marcaría o camiño da auga, cara a cidade.

Dous puntos máis antes de saír fóra das murallas. O primeiro, a praza da Soidade, a uns metros do monumento Bimilenario, e onde se atopa o Museo Provincial de Lugo. De entrada gratuita e no que se conserva



A fachada da Catedral de Lugo e o claustro do Museo Provincial. Abaixo, a ponte romana nunha vista aérea



o claustro do que, antigamente, foi un convento franciscano. O museo conta cunha gran colección de pezas arqueolóxicas e de orfebrería, así como un mosaico de grandes dimensións e a reprodución dunha lareira tradicional.

Na mesma praza está a Igrexa de San Pedro, de estilo gótico e declarada Monumento Histórico-Artístico.

Por último, dentro de Murallas, queda a praza do Campo, durante moitos anos corazón da cidade vella. Outra das prazas triangulares do casco histórico e que pasou de ser unha zona comercial na Idade Media a, na actualidade, converterse nun punto de encontro social. No seu centro está a fonte de San Vicente, que unha vez ao ano, a finais deste mes de xullo, emana viño para repartir entre propios e estraños.

EXTRAMUROS

Saíndo de murallas pola porta de San Pedro, veremos o Camiño Primitivo, o terceiro Patrimonio da Humanidade co que conta a cidade. Fronte a Muralla, está a avenida de San Roque, onde, a poucos metros do seu inicio atopamos o Centro Arqueolóxico onde se poden ver pezas atopadas pola contorna, cadaleitos que corresponden a unha área funeraria que puido estar situada no exterior

da cidade de Lucus Augusti.

Rodeando a rolda da Muralla, ao carón da porta Miñá atopamos a Sala de Exposicións co mesmo nome, que explica como se configurou a cidade de Lucus Augusti, seguindo o proceso evolutivo da mesma, dende a fundación como campamento romano, a súa fortificación e o fin da súa época de esplendor. Urbanismo, vida cotiá e ocio romano, podense atopar neste pequeno museo no que, recentemente, se atoparon restos dunha cloaca romana que pronto será visitable.

A última parada cerca do centro será ao verdadeiro pulmón verde de Lugo. O parque de Rosalía de Castro conta con 23 hectáreas de terreo polo que pasear, facer deporte e desfrutar. Espazos de lecer para nenos e adultos, con xardíns, fontes e ata un pequeno estanque.

Xa deixando atrás a zona centro, queda por ver todo o patrimonio natural da cidade. A primeira parada, baixando dende o Parque de Rosalía pola volta da viña, é o parque do Miño. Unha zona de espaxamento e de goce da natureza. Con todo, a peza chave neste idílico lugar é a Ponte Romana, unha das herdanzas mellor conservadas do pasado romano. Con algo máis de 100 metros de largo, a ponte cruza o río Miño unindo a Calzada da Ponte coa estra-



da vella de Santiago.

Dende a ponte, pódese ver unha das últimas paradas desta viaxe por Lugo. O balneario de augas termais. Máis aló dos beneficios que poida ofrecer, no seu interior pódense apreciar outro vestixio: as termas romanas.

Testemuña das grandes obras públicas creadas polos romanos na cidade, conservan case á perfección as súas salas apodyterium, caldarium, tepidarium e frigidarium e pódense ver de luns a domingo, de forma gratuita, baixo reserva previa.

E non só o Miño baña Lugo. En menor medida, pero igualmente visitable é o paseo do río Rato. Con preto de tres quilómetros e medio de senda peonil, o paseo énchese de bancos, pontes, fontes e, incluso, pequenas cascadas. Asemade, no

camión está o Centro de Interpretación da Reserva da Biosfera Terras do Miño, ubicado nunha casa-muño do século XIX.

Seguindo a senda acabaremos aos pés da Ponte da Chanca, un viaduto creado hai 150 anos para introducir o tren na capital e que, cos seus vinte imponentes arcos, e 29 metros de altura, fai da zona un espazo único no que relaxarse. Pola zona, ademais, poden contemplarse os restos da antiga aldea da Chanca, como un muíño ou un antigo lavadoiro ao lado do río Rato.

E despois de gozar de todas as maravillas que nos ofrece Lugo, só queda un paseo pola zona dos viños onde, ben seguro, se porá un delicioso punto final a unha viaxe, con ollos de turista, pola cidade de todos. Pero iso xa queda a gusto do consumidor.



Prueba nuestros tratamientos

Salud Bucodental • Cirugía dental • Estética dental
Implantología • Ortodoncia • Odontopediatría

¡PRIMERA VISITA GRATUITA!

Te damos una razón
para sonreír

Calle Valle Inclán 1 Lugo, 27004 - Tel.: (+34) 982 80 31 32 - info@mosqueraotero.es - mosqueraotero.es

“Lugo ten moitas posibilidades, podemos estar orgullosos da cidade que temos”

Maite Ferreiro é a concelleira de Cultura e Turismo da cidade e vicepresidenta da Deputación

O turismo en Lugo vai en aumento nos últimos anos. E é que as numerosas atraccións turísticas e a oferta cultural conseguen sorprender aos viaxeiros que chegan á cidade. O Goberno local aposta por impulsar un turismo de calidade que decida pasar máis dun día en Lugo. Falamos con Maite Ferreiro, titular da concellería de Turismo en Lugo e que explica as claves do aumento de viaxeiros na capital.

Nos últimos anos houbo un aumento do turismo na capital, que fai o Concello para favorecelo?

É un pouco o resultado de dúas situacións. Unha que, despois da pandemia, a maioría das persoas temos ganas de saír e poder recuperar esas viaxes. E outra, a campaña que levamos a cabo, nos últimos anos dende a área de Turismo, de centrar a Lugo nese punto quilométrico, Lugo Km100, onde animamos a todas as persoas que veñan a Lugo e, dende aquí, se desvíen a outros puntos turísticos importantes da provincia como pode ser a Ribeira Sacra, a Mariña, os Ancares ou, incluso, outras cidades galegas como Compostela. E, despois, ter actividades culturais para atraer ese turismo de calidade, de cercanía, ao que axuda tamén esta nova cidade: no sentido de que haxa moitas zonas peonís, onde se poida pasear e donde se poida visitar con tranquilidade, andando, todo o noso patrimonio. Intentamos promocionar tanto o Patrimonio arqueolóxico, ambiental... En fin, un conxunto de accións que eu creo que levan a Lugo polo bo camiño na promoción do turismo.

Que turismo é o que chega maioritariamente a Lugo?

A parte dos peregrinos, que veñen cunha finalidade relixiosa, pero tamén se interesan polo cultural e o patrimonial; está chegando un turismo moi variado e diverso, das grandes cidades, Madrid, Barcelona, País Vasco... E volvemos recuperar ese turismo de interior de Galicia, onde Lugo sempre foi esa cidade descoñecida e que está sendo unha sorpresa para todas esas persoas que se achegan e non coñecían a marabillosa cidade que temos con tres patrimonios da humanidade, esa gastronomía tan importante, de produtos de cercanía... Eu creo que estamos recibindo, segundo os datos que temos, un turismo máis cercano da xente que non quere desprazarse moito. Motivado tamén pola pandemia, xa que non se podían planificar moitos viaxes, nin con moito tempo de antelación, entón, Lugo acolleu ese turismo de cercanía que a nós nos parece moi interesante.

E no estranxeiro, vese interese por Lugo?

Estase retomando este turismo. O que sorprende aos turistas de fóra é que unha cidade tan pequena como Lugo, e tan descoñecida, teña ese patrimonio tan importante e, despois, lugares de visitar como poden ser todas as salas museísticas como a Casa dos Mosaicos, o Porta Miñá ou o de San Roque. O Vello Cárcere é un dos lugares que máis sorprende, que máis chama a atención, non só pola súa historia senón pola reconversión que se fixo e que sexa un centro de actividades culturais onde hai exposicións continuas moi diversas.



Temos tamén un aumento de visitantes no MIHL con exposicións que tivemos adicadas aos xoguetes, ao playmobil... Sobre todo, dedicadas a un turismo de familias, atractivas para nenos e nenas.

Cre que os lucenses valoran, realmente, o patrimonio cultural e histórico que ten a cidade?

Eu creo que si que o valoran. O que pasa é que a xente de Lugo tiñamos esa idea de que a cidade de Lugo non era atractiva para os visitantes. Viamola como unha cidade escura,

onde non había nada. Eu creo que o feito de empezar a visibilizar que teña tres Patrimonios da Humanidade, cando a xente chega e ve esa marabillosa Muralla, única no mundo, eses cambios da cidade a zonas peonís, lugares onde antes eran coches agora hai actividades culturais... Están descubrindo que Lugo ten moitísimas posibilidades que podemos sentirnos orgullosos da nosa cidade que, malia ser pequena, ten moito que ofrecer. Calquera persoa que veña a Lugo sorpréndese coa cidade e iso é bo para subir esa autoestima

que moitas veces nos falta a quen vive e é de Lugo.

O pasado romano pesa moito pero que mais se pode visitar en Lugo?

Temos moito atractivo para un turismo cultural. Podemos ver toda a historia da zona cidade, tanto no museo provincial, onde se organizan actividades, temos as exposicións do Vello Cárcere, as salas museísticas. E logo temos o propio paseo pola cidade, onde podes ver os monumentos, a Muralla, patrimonio da humanidade; esas fiestras arqueolóxicas e, mesmo, esa contorna do casco histórico que, o único que afea o lugar é a falta de rehabilitación da zona da Tinería. Esperamos que a Xunta se implique, sería algo marabilloso para poder visitar ese Lugo, paseando tranquilamente e sen necesidade de coller o coche. Podemos gozar das actividades culturais, do patrimonio ambiental que temos no entorno. Uns paseos envexables no Miño e no Rato onde podemos pasear e facer deporte, pero tamén esa oferta cultural á que podes asistir tras facer estes percorridos. E cremos importante ter esas actividades para que a xente pernocte en Lugo. Era unha das carencias que tiñamos.

Que non pode quedar por ver nunha visita a Lugo, ese segredo máis escondido?

O segredo dunha cidade descóbrense paseando por elas. É certo que as visitas guiadas descóbreche esas partes máis descoñecidas como pode ser a zona do Carme ou a ruta polos murais da cidade. E creo que, simplemente paseando, e descubrindo eses edificios bonitos que temos na cidade, con ese encanto de cidade antigüísima e que recolle tanta historia, hai que velo cos ollos moi abertos e con ganas de descubri-lo. É unha decisión de cada persoa que vai descubrir o que máis lle guste ou lle interese en cada lugar.

IES MURALLA ROMANA
FORMACIÓN PROFESIONAL

AQUÍ HAI FUTURO

FAMILIA PROFESIONAL: INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS

- CICLO FORMATIVO**
 - GRADO BÁSICO: Informática de oficina
 - GRADO MEDIO: Sistemas microinformáticos e redes
 - GRADO SUPERIOR: Administración de sistemas informáticos en rede, Desenvolvemento de aplicacións multiplataforma, Desenvolvemento de aplicacións web
 - CURSO DE ESPECIALIZACIÓN: Desenvolvemento de videoxogos e realidade virtual

FAMILIA PROFESIONAL: IMAXE PERSOAL

- CICLO FORMATIVO**
 - GRADO BÁSICO: Peiteado e estética
 - GRADO MEDIO: Estética e beleza, Peiteado e cosmética capilar
 - GRADO SUPERIOR: Estética integral e benestar, Asesoría de imaxe persoal e corporativa

FAMILIA PROFESIONAL: ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN

- CICLO FORMATIVO**
 - GRADO MEDIO: Xestión administrativa
 - GRADO SUPERIOR: Administración e finanzas, Asistencia á dirección

XUNTA DE GALICIA | **INSTITUTO EDUCACIÓN SECUNDARIA MURALLA ROMANA** | **FONDO SOCIAL EUROPEO "O FSE crece co teu futuro"** | **Erasmus+**

INFORMACIÓN: www.edu.xunta.gal/centros/iesmurallaromana/ • ies.muralla.romana@edu.xunta.gal ou no IES MURALLA ROMANA na Rúa Ángelo Colocci s/n. 27003 Lugo - Tel.: 982 828 081

Rafting, paddle surf e bicicletas eléctricas encherán Lugo en agosto

No mes de agosto levaranse a cabo actividades, todas elas enmarcadas cara o impulso da zona fluvial como zona de ocio e deporte. Serán xornadas de aventuras incluídas no programa +Xti, que subvenciona o Plan Nacional sobre Drogas adscrito á concellería de Xuventude.

A confluencia dos tres patrimonios será o punto de partida, xa que a primeira parte desta aventura será en bicicleta eléctrica, os participantes atravesarán parte do novo carril bici, ata o río Miño. Un percorrido panorámico por zonas rurais protexidas pola súa beleza natural tales como o espazo LIC Parga-Ladra-Támoga, dentro da Rede Natura 2000.

A segunda parte da aventura, realízase a bordo de kayaks, tablas de paddle surf e balsas de rafting, permitindo aos participantes intercambiar embarcacións nas que poderán experimentar a emoción do descenso



no entorno do río Miño.

En total ofértanse 160 prazas, cun máximo de 20 persoas por grupo, os mércores e sábados dos días 6, 10, 13, 17, 20, 24, 27 e 31 de agosto, ás 10.00h. Os mozos e mozas interesadas en participar, poderán inscribirse en www.lugomasxti.org, dende o 27

de xuño ata o 27 de xullo. As admisións serán feitas por rigorosa orde de inscrición, e non se pode facer máis dunha solicitude no mesmo correo electrónico.

Ademais, desenvolveranse actividades de calistenia do 27 ao 29 de xullo, de 11:30 a 13:30 horas, na zona de barras de calistenia do Parque Rosalía. Está dirixida á mocidade de entre 12 e 35 anos. En caso de choiva, a actividade trasladarase ás instalacións do colectivo Gravitty (na rúa Ramiro Rueda 19 baixo).

A inscrición será gratuíta e realizárase na propia actividade. Estableceranse dous grupos, xa que “pode vir xente con nocións e certa condición física capaces de practicar a calistenia, pero tamén mocidade con menos práctica, coa que se traballarán exercicios máis básicos centrados no acondicionamento físico, no medio natural”, sinala o edil.

A Ecomarcha de Ecoloxistas en Acción rematará en Lugo

Aínda está aberta a inscrición para participar na Ecomarcha ciclista de Ecoloxistas en Acción que recorrerá Galicia desde o 9 ata o 24 de xullo, con saída en Pontevedra e remate en Lugo.

Aos ciclistas galegos sumaranse ecoloxistas sobre rodas de todo o Estado español para compoñer un pelotón verde que durante 15 días irá visitando lugares ambientalmente agredidos para apoiar aos colectivos veciñais que loitan pola súa recuperación o cese do desastre ecolóxico. O día do Carmen rendirá en Camariñas unha lembranza á catástrofe ambiental provocada polo Prestigie escoitando aos que sufriron de preto o desastre ocorrido fai 20 anos.

“Percorremos diferentes camiños



de Santiago, a Costa da Morte e outras comarcas e coñeceremos as súas xentes, mais, sobre todo, estaremos a facer un Camiño para que unha terra como a Galiza non lastímese nunca máis e valórese e protéxase sempre máis!” sinalan desde Ecoloxistas en Acción Galiza. O roteiro chegará á Terra Chá o día 13 de percorrido para rematar ao día seguinte en Lugo.

O Centro Coreográfico Galego organiza unha sesión formativa

Lugo é unha das cidades elixidas polo Centro Coreográfico Galego para acoller as actividades que este centro artístico desenvolverá no segundo semestre deste ano, arredor de diferentes temáticas como a prevención de lesións, o poder terapéutico da danza, diferentes estilos e técnicas coreográficas ou a xestión de compañías e espectáculos.

Desta volta, a unidade de danza da Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades estende a súa oferta de formación continua máis alá da súa sede na Coruña, con sesión en Lugo e outras cidades galegas como Ourense, Santiago de Compostela e Vigo. A descentralización desta actividade atópase en liña coas medidas acordadas co sec-

tor esta mesma semana como parte do documento que servirá de base para a redacción do Plan Integral para a Danza de Galicia.

En xullo, entre os días 18 e 22, o Conservatorio de Danza acollerá o curso de análise coreográfica *Desde o coñecemento teórico á inspiración creativa*, que impartirá o coreógrafo e videocreador Iker Gómez.



CIENTÍFICO GALEGO DO ANO. Juan Rof Codina, Científico Galego do Ano 2022 será homenaxeado no Campus de Lugo da USC coa campaña Pilulas Rof Codina. Unha iniciativa posta en marcha pola Biblioteca Intercentros do Campus para divulgar e pór en valor a figura e a obra, así como o legado científico do impulsor da Veterinaria no Estado español.

CURSOS
Xacobeo
21-22

100% GRATUITOS

IV PUNTÚAN EN LAS OPOSICIONES!

MODALIDADES:

TELEFORMACIÓN Y PRESENCIAL

Solicita información en:

formacion@estudiosrafer.es

982 22 26 49

CURSOS DISPONIBLES

- MANIPULADOR DE ALIMENTOS (15 horas)
- COMERCIALIZACIÓN DE PRODUCTOS TURÍSTICOS (55 horas)
- POSICIONAMIENTO WEB Y MARKETING DIGITAL EN BUSCADORES (115 horas)
- IMPLANTACIÓN MARCA Q DE CALIDAD (70 horas)
- ELABORACIÓN DE PLATOS COMBINADOS (70 horas)
- ECOTURISMO (70 horas)

¿ESTÁS DESEMPREGADO E AÍNDA NON COÑECES REINICIA TE ENCAMIÑA O TEU FUTURO?

REINICIA TE ENCAMIÑA O TEU FUTURO É UNHA INICIATIVA CREADA POLA ESCOLA DE ORGANIZACIÓN INDUSTRIAL E A DEPUTACIÓN DE LUGO PARA FORMAR A DESEMPREGADOS DE LONGA DURACIÓN.

OS CURSOS COS QUE PODERÁS OBTEN O CERTIFICADO DE PROFESIONALIDADE SON:

- GESTIÓN Y ORGANIZACIÓN DE LOGÍSTICA Y REPARTO
- COMPETENCIAS CLAVE NIVEL 2
- AT. SOCIO SANITARIA A PERSONAS DEPENDIENTES EN INSTITUCIONES LOCALES
- RELEVO GENERACIONAL PARA EL MANTENIMIENTO DE LA VIDA

lugoempleo@eei.es

T: 982 260 204 / M: 672 06 33 31

lugoempleo.com

“Estamos facendo un vídeo sobre doazón e transplante”

María Jesús Díaz-Freijo, coordinadora do transporte en Alcer

En 1981 nace en Lugo Alcer, co obxectivo de unir forzas entre os doentes renais, entre outras cousas, para poder achegarse, sen dificultade, aos centros de diálise. Hoxe, 41 anos despois, a asociación é moito máis que iso. Traballan a nutrición e atención psicolóxica e social dos doentes e das familias, así como na divulgación sobre as enfermidades renais. Un dos seus últimos proxectos na capital é a realización dun vídeo sobre doazón de órganos e transplantes, en colaboración co CB Breogán e o CD Lugo, para difundir entre o público infantil.

Por que xorde esta asociación? Vese unha necesidade entre a cidadanía?

Un ano antes da nosa constitución abríra a clínica de diálise do doutor Criado. Entón, atopáronse coa necesidade de agrupar a todos os enfermos para buscar a maneira de solucionar o tema do transporte. Ese foi un dos obxectivos. Ademais, naquela época comezaban a crearse todos os ALCER provinciais, agora mesmo somos sobre 63 en todo o Estado. E estaban nacemento en todas as provincias. Era un pouco a necesidade de agrupar a todos os pacientes para pelexar, un pouco, por ter os servizos de nefroloxía, e polo transporte para poder facer a diálise.

Que servizos realiza ALCER na actualidade?

Dentro dos nosos servizos, damos atención psicolóxica e nutricional aos pacientes. Hai atención de traballo social. E, na provincia de Lugo, temos o transporte de pacientes a diálise. Ese traslado de pacientes que organizamos en taxis, polo momento, só existe na provincia de Lugo, na zona do Ebro, e, algo semellante, hai no en Madrid. O resto do Estado non o teñen. Nós témolo por un convenio de colaboración co Sergas, activo dende 2003.

Que terían que facer os pacientes

para beneficiarse dos seus servizos?

Para o transporte nada. Está aberto a todos os usuarios que van a diálise, a única condición é que teñen que valerse por si mesmos. Teñen que poder subir e baixar eles do taxi. Se non se valen por si mesmos, o Sergas ponlles unha ambulancia. E, despois, para a atención psicolóxica, nutricional e de traballo social, aténdese a todos os usuarios. Facemos unha atención xeral nos centros, temos convenio cos hospitais para facer unha atención xeneralizada a todos os usuarios que están en tratamento de hemodiálise peritoneal e domiciliaria. É dicir, a xente que está antes de ter un tratamento, a que está nun tratamento, independentemente do tratamento que teñan, hospitalaria, domiciliaria ou peritoneal. E logo, tamén para os transplantados. Doutra banda, as sesións individualizadas, de nutrición ou psicoloxía, si que teñen que ser socios. A cota de socios que se paga, a mínima son 15 euros ao ano, un café ao mes.

Ademais da atención ao paciente, que máis ofrece a asociación?

Facemos actividades. Este ano creamos o proxecto catro estacións para todos, que son catro rutas accesibles cun guía, unha por estación do ano. Levamos dúas: a de inverno e a de primavera e, a seguinte, será o 10 de agosto, a de verán. Conseguiamos que Diego As viñera a pintar a fachada da nave onde estamos, que o fixemos en colaboración coa Asociación de Esclerose Múltiple, coa que colaboramos bastante promovendo actividades.

A pandemia para vós supoñía que supuxo todo un reto...

Si. Aínda facemos talleres informativos de psicoloxía, de nutrición e de traballo social. Pero tiñamos ximnasia, coa que levamos dous anos parados, sen ter esa actividade, por mor da pandemia. Queremos retomala, pero os doentes renais son un dos

colectivos máis afectados pola covid, taxa de falecemento foi dun 27% de pacientes en diálise. Polo que intentamos que queden nas súas casas. Facemos actividades ao aire libre e mantendo toda a seguridade. Sempre buscamos cousas que se poidan facer ao aire libre, pero todo o que sexan actividades en espazos pechados, está máis restrinxida.

E logo, pois tiñamos manualidades pero tamén está parado. Cada mes de decembro facemos, en colaboración co Concello de Lugo, o mercado Diversiarte, na que participamos todas as asociacións dedicadas a persoas con doenzas que hai na cidade. Son tres días, e os socios fan manualidades para vender no mercado.

Facedes algunha actividade de divulgación?

Cara outubro ou novembro celébranse as Xornadas Renais. Este ano iríamos pola décimo quinta, a única que non se fixo foi a de 2020.

Entre as actividades de divulgación, estades realizando unha peza audiovisual para levar aos centros de ensino.

Estamos facendo un vídeo sobre o transplante e a doazón de órganos, enfocado, sobre todo, para os colexios, para primaria. Estámolo facendo en colaboración co Club Deportivo Lugo e o CB Breogán, porque os protagonistas son as mascotas. Está Rili, a nosa mascota; Maximus, a do CB Breogán; e Nabic, do CD Lugo. Trátase de explicar todo o que sería a enfermidade renal e a doazón de órganos, para os máis pequenos.

Como xorde a idea de divulgar as enfermidades entre o público infantil?

Pois xurdiu a partir da idea de facer un concurso de debuxo infantil. Ao facer o concurso, démonos conta de que nin no noso concurso nin noutros medios tiñan moita forma de informarse sobre a enfermidade renal.



E véusenos á cabeza a idea de facer algo que puidera explicar aos nenos todo o proceso, e de aí xurdiu o tema de facer o vídeo. Falamos co CD Lugo e o CB Breogán, a ver se querían colaborar e aquí estamos.

Cando estará listo?

Estamos niso. A ver se para este mes podemos telo xa máis ou menos terminado para poder darlle difusión. Pero claro, polo momento, as dúas persoas que estamos facendo a montaxe do proxecto ningunha somos profesionais e estanos levando bastante tempo. Contabamos con ser máis rápidos pero foi inviable.

Que outras actividades de divulgación ou formación levades a cabo?

Estamos entrando no tema de divulgación a primaria e secundaria. Agora, a través de FADAS Lugo, estamos a preparar un proxecto para a creación de unidades didácticas cos órganos máis descoñecidos, pero isto aínda está en cueiros. Queríamos comezar en setembro, levalo a cabo agora no verán. E ter material para levar aos colexios e institutos, facer charlas, explicar un pouco o tema da doazón de órganos, e levar todo o material desde a asociación para que sexa máis doado explicarllelo.

Colaborades cos grandes equipos deportivos, con FADAS, algunha outra colaboración?

Si, colaboramos con Alucem; con Cocemfe, estamos acabando agora de dar un curso de formación. E coa Federación Alcer Galicia. Asemade, traballamos con Art for Dent, unha asociación centrada na síndrome de Dent, unha enfermidade renal, considerada enfermidade rara, e presentamos un proxecto Art for

Dent ao concurso As Termas Suma. O ano pasado colaboramos con eles recollendo tapóns e, este ano, con este proxecto. Estamos abríndonos a colaborar todo o que poidamos. Tamén colaboramos co banco de tapóns de Aspnais, logo de que Art for Dent tivera que deixar de recoller os tapóns en Lugo por falta de loxística.

Queda algún proxecto de futuro?

Agora mesmo, temos moitas fronteas abertas. Metímonos en moitos xardíns este ano e, polo momento, non temos nada novo por diante. Pero xurdirá. Estamos en constante ebullición de ideas. Antes de rematar un proxecto xa estamos pensando no seguinte. Igual, se falamos nun par de meses xa temos cousas novas. Temos moito que levar a cabo, polo momento.

Que tería que facer un doente para pórse en contacto con Alcer?

Pode achegarse á Casa Clara Campamor, na avenida Infanta Elena, na casa de asociacións, ao fondo do parque de Friga. O horario de atención ao público é de mañá, de 09.00 a 14.00 horas. O teléfono de contacto, ao que poden chamar, é 619 609 797, tamén en horario de mañá. Poden informarse tamén no enderezo electrónico alcerlugo@gmail.com. E logo, na páxina web alcerlugo.org, hai un apartado cun formulario de contacto, outra pestana para facerse socio e, outra máis, para facerse doante de órganos. A nivel individual, a atención psicolóxica, nutricional ou de traballo social faise co único requisito de ser socio da asociación pagando unha cota mínima 15 euros ao ano; para unha atención máis xeneralizada, non fai falta ser socio.



Santander Consumer Finance

FINANCIACIÓN / LEASING / RENTING / CONSUMO

Estamos en LUGO / OURENSE / PONTEVEDRA / A CORUÑA / SANTIAGO

Avda. A Coruña, 439 - 27003 Lugo / Tel.: 982 20 20 82 / Fax: 982 21 78 33

Arranca a formación da veciñanza para o uso de desfibriladores

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, anuncia o comezo da formación a cidadanía sobre o manexo dos desfibriladores, cursos que impartirá o Concello en todos os barrios da cidade a través dun convenio asinado entre a concellería de Benestar coa Cruz Vermella no marco do programa Lugo con Corazón.

A rexedora anima a veciñanza a participar, destacando a importancia de adquirir coñecementos que nos poidan axudar a salvar vidas en situación en que cada minuto que pasa conta. Neste senso, lembrou que o Concello, ademais de dotar

todas as dependencias municipais de desfibriladores, instalou dez en prazas e espazos públicos da cidade co obxectivo de reverter as cifras de falecementos no municipio debido ás paradas cardíacas: dos 250 casos anuais en Lugo, só un 20% dos afectados chega vivo ao hospital.

Méndez incidiu en que, a pesar de que a Xunta de Galicia non obriga a instalación destes dispositivos como xa fan outras comunidades, “desde o Concello cremos de especial importancia realizar un investimento para comprar 67 desfibriladores, tendo en conta que a reanimación

cardiopulmonar nos primeiros 3 a 5 minutos é imprescindible xa que eleva as taxas de supervivencia entre o 49 ao 75%. En cambio, cada minuto que esta acción se atrasa redúcese a probabilidade de supervivencia entre un 10 e un 12%”.

As sesións formativas serán presenciais e a pé de rúa, e desenvolveranse durante os meses de verán e o mes de setembro. As xornadas, de 4 horas de duración en sesión de tarde, estarán guiadas por un equipo integrado de monitores e instrutores de soporte vital con certificado de capacitación.

Informan do programa de subvencións

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, mantivo unha xuntanza coas asociacións veciñais de Lugo para presentar o programa de subvencións de 2022. A edil de Participación estivo acompañada nesta xuntanza polo persoal técnico da área, que resolveu as dúbidas dos representantes do tecido asociativo local.

A área de Participación inviste 45.500 euros nestas subvencións, dirixidas a asociacións veciñais do concello de Lugo. As asociacións poderán presentar proxectos relacionados co asociacionismo, o voluntariado e a participación cidadá, ademais de incluír gastos de mantemento e funcionamento necesarios para a realización das iniciativas.

López destacou que “esta liña de subvencións permiten que as distintas asociacións veciñais de Lugo poidan manter a súa actividade ao longo do ano”, e engadiu “desde o Goberno de Lugo mantemos o noso compromiso co tecido asociativo”.

Os mellores estudantes de FP de Galicia, xuntos en Lugo



O Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, participou no auditorio municipal Gustavo Freire de Lugo no acto de recoñecemento aos estudantes que acadaron os mellores expedientes dos centros de Formación Profesional de Galicia, a través do programa da Universidade de Santiago de Compostela A Ponte entre o Ensino Medio

e a USC.

Rivera Capón valorou esta iniciativa como “unha ferramenta importante, coa que a universidade pública opta por saír ao encontro dos estudantes e darse a coñecer dun xeito moderno e dinámico, o que resulta moi enriquecedor para o ámbito universitario e para o da Formación Profesional”.

Unha vintena de persoas reciben os premios Milagrosista do Ano



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, participou na gala de entrega dos Premios Milagrosistas do Ano que acolleu o auditorio lucense Gustavo Freire. A Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais da Milagrosa organiza este evento, no que premiou a 20 persoas e entidades da provincia.

José Tomé foi o encargado de entregarlle a distinción a cinco dos galardoados. “Estes premios son xa unha tradición consolidada na cidade de Lugo e na provincia, e este ano avanza na recuperación da normalidade, despois das limitacións que impuxo a pandemia”, subliñou o Presidente, ao tempo que felicitou á asociación da Milagrosa porque os galardóns “son tamén un xeito de facer provincia, lembrándonos que as nosas capacidades e posibilidades de futuro multiplícanse cando traballamos xuntos pola nosa provincia”.

O mandatario provincial resaltou que os premiados e premiadas, vinculados á sanidade, á educación, á cultura, aos corpos e forzas de seguridade, á administración local, ao sindicalismo, á patronal

ou ó xornalismo, “son unha fotografía dos sectores sociais que conforman a fortaleza da provincia de Lugo”. “Quero felicitar moi sinceramente a todas as persoas, empresas e colectivos que reciben este recoñecemento que outorgan os veciños e veciñas do barrio da Milagrosa. Todos os premios son importantes, pero aqueles que libremente deciden os veciños e as veciñas penso que teñen un significado especial”, manifestou.

Con respecto aos premiados e premiadas, o mandatario provincial salientou que “este ano, están persoas relacionadas coa sanidade ou coa educación. Dous piares da sociedade que demostraron a súa importancia e o seu compromiso en datas recentes facendo fronte á pandemia. O mesmo compromiso que demostraron os representantes dos Corpos e Forzas de Seguridade”, que tamén recibiron distinción. “Sempre preto dos veciños, son garantes do noso benestar e da nosa seguridade, e durante a pandemia foron tamén un factor fundamental”, recoñeceu o presidente.

IES Sanxillao

ESO | BAC ARTES, CIENCIAS E HUMANIDADES
FORMACIÓN PROFESIONAL

- CB COCIÑA E RESTAURACIÓN [Grao Básico]
- CM COCIÑA E GASTRONOMÍA [COGA] [Grao medio]
- CM SERVIZOS EN RESTAURACIÓN [Grao Medio] [FP DUAL]
- CS DIRECCIÓN DE COCIÑA [DIRCO] [Grao superior]
- CS DIRECCIÓN DE SERVIZOS DE RESTAURACIÓN [Modular] [Grao Superior] 3 anos
- DUAL: DIRECCIÓN DE COCIÑA E SERVIZOS EN RESTAURACIÓN [Grao Superior] 3 anos

MATRÍCULA CURSO 2022/23 DO 23 DE XUÑO AO 5 DE XULLO

Ronda das Fontiñas 171, 27002 Lugo | 982 828 088 | www.iessanxillao.es

Skate, BMX e Stencil centran as actividades de verán para a mocidade

A Concellería de Xuventude pon en marcha uns obradoiros vinculados á cultura urbana tanto desde a súa perspectiva deportiva como artística. As actividades, que serán de balde, centraranse nos deportes de Skate e Bmx, así como na disciplina artística Stencil, técnica de arte urbano que artistas como Banksy axudaron a expandir e a internacionalizar. As clases impartiranse en xuño e xullo e non é necesaria a inscrición previa, senón que se pode formalizar na mesma actividade. Dirixidas a poboación de 12 anos en adiante, aínda que tendo prioridade a xente máis moza, os obradoiros serán coordinados e impartidos por



profesionais recoñecidos. Desenvolveranse na pista de Skate ubicada en Pablo Fabio Máximo.

23 grupos actuarán na Mosqueira as fins de semana do verán

A área de Cultura do Concello de Lugo vén de presentar a terceira edición do ciclo de concertos Muralleando, que este ano contará cun novo escenario. Así o explicaron o tenente alcalde, Rubén Arroxo e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, que avanzaron que o Goberno local abrirá a nova Praza da Mosqueira ás distintas agrupacións musicais de Lugo. En total, 23 agrupacións mostrarán a súa música con concertos gratuítos que terán lugar os venres e sábados, a partir das 20:30, entre o 17 de xuño e o 27 de agosto. Maite Ferreiro lembrou que “os concertos do Muralleando apareceron xusto despois do confinamento, no ano 2020, co obxectivo de animar con música os distintos paseos das veciñas e veciños ao redor da Ronda da Muralla e ao

mesmo tempo colaborando co tecido cultural local, que vira anulados moitos eventos”, e afirmou que “dous anos despois xa está consolidado como unha das actividades culturais máis importantes para os meses de verán, continuando co espírito de ser o punto de encontro das agrupacións locais, e que este ano se ubicará na renovada Praza da Mosqueira, un espazo que está destinado a ser importante na programación cultural, e que despois do Muralleando acollerá un dos escenarios do San Froilán”. Ferreiro destacou que a nova praza da Mosqueira “permite organizar actividades culturais e de ocio respectando a visión da gran concentración de patrimonio que hai nesta zona”, en referencia á propia Mosqueira e ao edificio racionalista do arquitecto Eloy Maquieira.

PROGRAMA

- XULLO**
- Venres 1 - Adrián Vigo
 - Sábado 2 - Reviravolta
 - Venres 8 - Man de Santo
 - Sábado 9 - El Último Burro
 - Venres 15 - Branca Villares e Pablo Pintor
 - Sábado 16 - Arrhythmia
 - Venres 22 - Proyecto Valley
 - Sábado 23 - Milesios
 - Venres 29 - Minton's Jazz
 - Sábado 30 - Trinitá
- AGOSTO**
- Venres 5 - Iria Estévez
 - Sábado 6 - Filophóbricas
 - Venres 12 - Planeta B
 - Sábado 13 - Carmela
 - Venres 19 - Vrasica
 - Sábado 20 - The Lonely Tracks
 - Venres 26 - Airiños da Freba
 - Sábado 27 - Untides

O Museo Provincial inaugura a mostra ‘Con nome propio’

O Museo Provincial abriu a exposición fotográfica *Con nome propio* do lucense Xosé Manuel Otero, unha recompilación de retratos de mulleres e homes da cultura galega no cambio de milenio. A mostra poderá verse ata o 30 de xullo. Segundo o propio autor, “a idea dunha recompilación de retratos das mulleres e homes da cultura galega actual hai unha ducia de anos que me rolda pola cabeza. Inicialmente tratábase dunha homenaxe ao mun-

do da cultura nun punto temporal determinado: cambio de milenio. Sería unha foto fixa dalgunhas das mulleres e homes que nos albores do novo milenio están sachando polo florecemento da cultura”. Xosé Manuel Otero iníciase no mundo da fotografía tratando fundamentalmente temas etnográficos. Coa madurez, evoluciona a temas minimalistas e abstractos, onde predomina o entorno urbano, salpicado case sempre pola figura humana.

Volve o Ciclo Experimenta

O Pazo de San Marcos acolleu a presentación da terceira edición do Ciclo Experimenta. O programa de concertos en distintos espazos da cidade de Lugo que conxuga a música en directo coa poesía e as artes do movemento se desenvolverá do 21 ao 23 de xullo. A programación, promovida por Tele Clube coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, inclúe actuacións de The Partisan Seed, L-R e ZA!. Na presentación, Chus Rodríguez,

de Tele Clube sinalou “con esta terceira edición podemos presumir de consagrar un ciclo experimental no que as músicas e os lugares van da man para darnos unha volta pola cidade, e pola mente, menos coñecida; percorrendo a través de sons ubicacións polas que pasamos de camiño a outros espazos” e que “aposta pola conxugación do amor polas linguas -co catalán, o portugués e o asturiano-, a poesía e a mixtura da música folclórica e máis tradicional con propostas

innovadoras”. Maite Ferreiro, destacou a “achega que Tele-Clube fai con esta programación á axenda cultural, cun ciclo de concertos que nos permite escoitar creadoras e creadores de toda a Península, amosando a diversidade lingüística e cultural da que somos parte” e sinalou que se trata dunha proposta aliñada cun dos obxectivos que nos marcamos desde a área de Cultura, que é promover o uso cultural dos espazos públicos da Deputación”.






GALEGA
DE IMPERMEABILIZACIÓNS

Especialistas en impermeabiliacións con láminas PVC e láminas asfálticas, de aplicación en:
Terrazas, cubertas, medianeiras, revestimento de canalóns
ESTRUTURAS ENTERRADAS • LÁMINAS ANTIRADÓN

FACEMOS DEPÓSITOS PARA AUGA POTABLE

Rúa Fernando de Castro, 6 - PLANTA BAIXA. 27600 SARRIA - LUGO / Tfnos.: 659 198 769 - 677 341 559 / galegadeimpermeabilizacions@gmail.com

Un mural de Luís Davila decora os muros da pasarela de San Roque

A pasarela de San Roque loce un mural do humorista gráfico Luís Davila como decoración dos piares e o muro da rúa Ramón Montenegro.

O novo mural da continuidade á actuación realizada nesta zona no ano 2020, cando a área de Cultura realizou un mural sobre o himno galego na escalinata da Ronda das Fontiñas.

Maite Ferreiro lembrou que “desde a Tenencia de Alcaldía do Concello de Lugo apostamos por mellorar a estética desa zona da cidade ao mesmo tempo que rendiamos homenaxe a un símbolo da nosa cultura como é o himno, e ás figuras de Eduardo Pondal e Pascual Veiga, creador da letra e compositor da música, traballando para dar a coñecer o patrimonio cultural de galego e lucense, e que a veciñanza o coñeza e o valore”.

Luís Davila (Pontevedra, 1972) é deseñador e humorista gráfico, recoñecido especialmente polas súas viñetas, publicadas co nome de O Bichero.



PRAZA DA LIBERDADE. Por outra banda, a obra de remodelación da Praza da Liberdade tamén contempla a realización dun graffiti, deseñado polos artistas de Concepto Circo. O deseño está inspirado na importancia que teñen os maiores na sociedade, pero tamén na natureza e o medio ambiente.

O Concello está a actuar nos 305 m2 que ten de superficie esta praza, na que se proxecta a substitución da superficie peonil que a atravesa en tres direccións distintas ata a súa zona central, tamén incluída, por un pavimento de formigón impreso

cun tramado decorativo.

Tamén se renovaron os bordos perimetrais e os delimitadores de zonas, tanto verdes como de tránsito, con pezas de formigón. A actuación contemplou, igualmente, labores de xardinería e plantación co sementado de céspede na totalidade das tres zonas verdes existentes. Por outra banda, instalouse unha nova acometida á toma de auga para a rega, que será programable, garantindo así un estado hídrico aceptable durante todo o ano ao tempo que se evita o mollado das beirarrúas que rodean a praza.

O IES San Xillao imparte o BAC de Artes e a FP en Hostalaría e Turismo

Sanxillao é un centro educativo urbano da cidade de Lugo que conta con máis de 700 alumnos e está ubicado en Ronda das Fontiñas 171.

A oferta educativa deste centro lucense é ampla e abarca tanto a ESO (ensinanza secundaria obrigatoria) como o Bacharelato nas modalidades de Artes (tanto na súa variante de Artes Escénicas como na variante Artes Plásticas, Deseño e Imaxe) cunha experiencia de máis de 25 anos, impártense tamén, ensinanzas de Bacharelato na modalidade de Ciencias e Tecnoloxía, así como Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais.

Posúe Carta Erasmus + Plus ata o 2027 renovable en anos vendeiros, e conta tamén con ensinanzas

de Formación Profesional das familias de Hostalaría e Turismo e Industrias alimentarias.

Para o vindeiro curso estrenará novas instalacións de Hostalaría e ofertará tres novos Ciclos, a saber:

- Ciclo Medio de Panadería, repostería e confitaría (familia de industrias alimentarias): 22 prazas
- Ciclo Superior de Guía, información e asistencia turística (familia de hostalaría e Turismo) e,
- Ciclo Medio de Servizos en Restauración na modalidade de FP DUAL.

Se queres saber máis do IES Sanxillao entra na súa páxina web, chama ao número de teléfono 982828088, ou escribe á dirección de correo electrónico iessanxillao@edu.xunta.gal

Os segredos da cociña romana, os sábados, na Domus do Mitreo

A programación estival especial do Museo A Domus do Mitreo *O Verán na Domus* ofrece obradoiros culinarios para toda a familia os sábados dos meses de xullo e agosto. As actividades didácticas complementarias previstas para a época estival teñen unha duración de 30 minutos e desenvolveranse os sábados, a partir das 11.30 horas.

As persoas interesadas poden participar de balde coa adquisición da entrada ou tamén teñen a posibilidade de formalizar a súa inscrición con antelación, de luns a venres, en quenda e 9.00 a 14.00 horas, a través do enderezo de correo elec-

trónico mitreo.lugo@usc.es ou no número 610323926.

A actividade Culina! Unha cociña na Domus permitirá achegar os segredos da antiga cociña de Roma. Así, logo de realizar unha visita guiada ao xacemento e tras participar nunha actividade de arqueoloxía experimental deseñada para todos os públicos. O Verán na Domus ofrece tamén a posibilidade de mergullarse na tradición culinaria do mundo romano a través da elaboración dunha versión actualizada da receita Sales conditos ad multa, unha proposta xa recollida no receitario de Apicius De re coquinaria.

Renovado o servizo de comedores

O Goberno de Lugo aprobou a renovación do servizo de comedores escolares, que conta cun orzamento base de licitación de 891.206,80€ ao ano, cunha duración de 4 anos. O servizo atende a diario a máis de 700 nenas e nenos no comedor, nun total de 9 centros, e 300 nenas e nenos no servizo de almorzo en 12 centros. O novo contrato inclúe a obrigatoriedade de utilizar leite de orixe galego, e incentiva o uso de produtos de comercio xusto e indicacións xeográficas

protegidas da Galiza.

A nova adxudicación, aínda na situación actual de inflación e o citado incremento nas esixencias de calidade do produto, non vai supoñer ningún incremento na tarifa que pagan as familias, manténdose un ano máis o prezo da ordenanza reguladora deste servizo. Ademais, actualizáronse as condicións laborais do persoal que presta o servizo.

A área de Participación aprobou a renovación da colaboración entre

o Concello de Lugo e a Cruz Vermella. Participación achegará 22.000€ á Cruz Vermella, o que permitirá a prestación de servizos preventivos, intervención de emerxencias e actuacións a desenvolver en Lugo con motivo da celebración de actos de carácter cultural, deportivo festivo ou semellantes durante todo o ano.

A Xunta de Goberno aprobou a relación de persoas autorizadas a vender no Mercado Tradicional do 2022.

Onde vas sen linguas?

Fai xa a túa preinscrición
antes do 10 de xullo!
92€ / idioma / ano

Tamén en Sarria!

Alemán · Chinés · Francés · Galego · Inglés · Italiano · Portugués

ESCOLA OFICIAL DE IDIOMAS DE LUGO

☎ 982829230

✉ eol.lugo@edu.xunta.gal

🌐 <https://l.lgal/EOILugo>

📍 R. Xosé Castiñeira, nº 1, Lugo

A Escola de Idiomas oferta sete linguas e cursos de mellora

A Escola Oficial de Idiomas de Lugo ofrece o ensino de sete linguas: alemán, chinés, francés, galego, inglés, italiano e portugués. Cada ano, máis de dúas mil persoas fórmanse ou avalíanse nas súas probas de certificación.

A maioría das clases distribúense en dúas sesións semanais de dúas horas de duración cada unha, aínda que tamén hai ensino semipresencial e a distancia. Ademais dos cursos ordinarios, tamén se ofrecen cursos da modalidade semipresencial de That's English, cursos preparatorios para as probas Celga, cursos de linguaxe administrativa ou cursos de expresión oral de inglés e de francés, que permiten ao alumnado mellorar a súa expresión oral sen a necesidade de presentarse a un exame escrito.

Non é preciso ter coñecementos iniciais dunha lingua para comezar a estudala, nin tampouco hai unha idade máxima. A partir dos 14 anos é posible estudar calquera lingua, agás a lingua que se curse como

primeira lingua estranxeira na ESO. (Na maioría dos casos, esta lingua é inglés). A partir dos 16 anos, pódese estudar calquera lingua que se oferte na Escola Oficial de Idiomas, incluso a que se está a estudar como primeira lingua na ESO.

As motivacións para estudar unha lingua son moitas e variadas: para conseguir a inserción laboral, para unha mellora no posto de traballo, para obter puntos para oposicións, para ter maior independencia nas viaxes ao estranxeiro, por exercitar o cerebro, por entretemento ou por pracer, son só algúns dos exemplos polos que as persoas se animan a estudar unha lingua na Escola Oficial de Idiomas de Lugo.

O custo económico de cada curso é moi accesible, apenas 92 euros ao ano por idioma, de xeito que é unha opción interesante para todos os petos. A cambio, o alumnado accede a unha ensinanza de calidade e actividades culturais de diferente tipo.

Lugo renova a súa cita coa pintura rápida ao aire libre

Foi convocada a 22ª edición do certame de pintura rápida ao aire libre Cidade de Lugo, que este ano se celebrará o domingo 10 de xullo. Poderán participar todas as artistas maiores de 18 anos que o desexen, presentando unha única obra, que non se poderá asinar ata o momento no que se coñeza o ditame do xurado, que estará composto por profesionais das artes plásticas.

O estilo e a técnica serán libres e a súa temática xirará sobre a cidade de

Lugo en toda a súa extensión.

As inscricións realizaranse o día do certame, no momento de selado do soporte, entre as 09:00 e as 11:00 horas nas oficinas da área de Cultura para ser selado. As obras presentaranse entre as 16:00 e as 17:00 horas na Praza Maior, onde se coñecerá o ditame do xurado ás 18:00 horas. A partir dese momento, e ata as 20:00, farase unha exposición con todas as obras. O importe total dos premios é duns 5.550 euros.

San Froilán 2022 xa ten cartel

O tenente alcalde, Rubén Arroxo e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, presentaron o cartaz do San Froilán e do San Froilán Miúdo de 2022. Cruz Lago, Noemí López e Bruno López conformaron o xurado que escolleu o cartaz do San Froilán e do San Froilán Miúdo. O xurado escolleu un deseño entre os 40 participantes para o San Froilán e 7 para representar o Miúdo. A autora do cartaz gañador do San Froilán recibirá un premio de 2.000 euros, mentres que a gañadora do miúdo recibirá material de pintura e debuxo valorado en 300 euros.

A proposta gañadora para o San Froilán foi a obra *Sorrisos*, de Alfredo León Mañé, e na categoría infantil, escolleuse *Ven ao San Froilán*, os polbos voarán, de Rosalía Longarela Santos, de 12 anos.

MOSQUEIRA. A concelleira de Cultu-



ra, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro, anunciou que a nova praza da Mosqueira acollerá este ano un dos escenarios do San Froilán, "consolidando esta zona como un dos puntos máis importantes da programación cultural da cidade", afirmou.

Nos últimos anos, a contorna da Muralla converteuse nun dos centros da programación cultural, acollendo

distintas actividades como concertos ou mostras de danza. "De cara a este San Froilán, a Mosqueira acollerá un dos escenarios das festas, Maite Ferreiro afirmou que "desde a área de Cultura comezamos a traballar xa na edición 2022 do San Froilán, que se parecerá máis ao San Froilán 2019 que ás edicións dos últimos dous anos, marcadas polas distintas restricións da pandemia".

María Casares será a protagonista do cartaz da Semana de Cine

A XLIV Semana do Cine xa ten cartaz anunciador. O cartel é unha colaboración de Siro (Siro López Lorenzo), coa SICA cunha caricatura de María Casares, no seu centenario. Precisamente, por esta efeméride, a Semana honrará a María Casares cunha retrospectiva e exposición na Biblioteca Provincial e a colocación dunha placa coa caricatura de Siro no Paseo do Cine de Lugo.

Homenaxearase asimesmo á cineasta, escritora e profesora de Castro de Rei, Margarita Ledo Andión, coa proxección da súa película Nación na sala da Deputación, e a colocación dunha placa no Paseo do cine.



Outras homenaxes serán rendidas a Darío Xoán Cabana (coa proxección da película *A Mariñeira*); a José Luis

López Vázquez polo seu centenario, coa proxección de *El bosque del lobo* (rodada en Lugo); a Ucraína (coa película *El acorazado Potemkin*) e á realidade social e para comer... Lugo, coa estrea da película *Un bocado exquisito*.

Na sala da Deputación será proxectado o Ciclo de películas Documentais a Concurso; na Casa do Saber (Universidade), poderanse ver as películas a Concurso As curtas tamén son cine e o ciclo de cine galego; no Vello Cárcere programárase o ciclo a concurso de Cine Galego, e no Auditorio as películas a concurso da Sección Oficial e do Ciclo de cine español.

CON LA MÚSICA A OTRA PARTE

en septiembre inauguramos NUEVAS INSTALACIONES en Augas Férreas, Estrada da Granxa, 27-29 bajo

ABIERTO PLAZO MATRICULA CURSO 22/23

Pide información o reserva tu horario en el: 687 58 25 59

Sesiones de muestra gratuitas

DESCUBRE EL MÉTODO MUSICAEDUCA
Para aprender música jugando a partir de los 10 meses.

- Estimulación musical temprana de 10 meses a 4 años.
- Iniciación instrumental de 5 a 8 años.

FORMACIÓN MUSICAL
Desde 7 hasta 100 años con metodologías activas e innovadoras para todos los instrumentos, individual y colectivas.

Lenguaje musical • Armonía
Refuerzo conservatorio y preparación de prueba de acceso.



Por Lugo:

**VAI
EN
BUS**

Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com



#activandolugo



Concello de Lugo

Área de Mobilidade e
Infraestruturas

Abre o prazo das axudas para a rehabilitación

O Concello de Lugo abriu un prazo de dous meses para concorrer á fase XVI das axudas para a rehabilitación do Centro Histórico, logo de publicarse no BOP o anuncio oficial da convocatoria o pasado venres. En total, estiman poder financiar ate unha trintena de intervencións que serán sufragadas cunha partida de 430.061 euros dos que, ao abeiro do Plan Estatal de Vivenda, o MITMA achega 386.253 €, a Consellería de Medio Ambiente 99.808 € e a Administración local 44.000 euros que, por outra banda, eximirá aos promotores destas actuacións do pago da taxa de servizos urbanísticos e habilitará unha bonificación de até o 95% do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras para incentivalas. O procedemento, xestionado dende Evislusa, permitirá subvencionar actuacións relacionadas coa conservación e mantemento de inmobles, a adopción de sistemas de aforro da enerxía e mellora da eficiencia enerxética. De maneira

que se agarda chegar a promover, entre financiamento público e privado, un volume de negocio que superará os 1'3 millóns de euros. As vivendas obxecto deste procedemento, que segue o réxime de concorrencia competitiva, deben estar destinadas a uso residencial e tamén será preceptivo que o edificio obxecto da reforma conte con división horizontal e, cada unha das vivendas, coa súa devandita referencia catastral. Entre os traballos subvencionables inclúense, entre outros, a reparación ou substitución de cubertas, da carpintería exterior dos edificios, así como a mellora da accesibilidade do edificio ou vivenda, tratamentos de fachada ou medianeiras, adopción de sistemas de aforro enerxético ou obras destinadas á mellora da solidez. Para a concesión das axudas terán preferencia as construcións catalogadas e as situadas no Burgo Medieval, seguidas polas do Ensanche Decimonónico.

“Queremos seguir como número un en vendas de Honda en Lugo”

Sabela Gómez Carreira, asesora de MotoLugo

A diferenza doutros sectores, a xardinaría e o motociclismo están en auge trala pandemia e a suba de combustibles, un revulsivo que, ben seguro, axudará a Motolugo a manter o seu número 1 en vendas de Honda na provincia de Lugo. Con 40 anos ás costas, a experiencia é un grao, na venda de recambios e pezas para moto, venda de motos de ocasión ou maquinaria Honda. Contan con amplo stock Honda e Echo tanto en xardín como motociclismo, ademais dun servizo de taller para a reparación e mantemento de calquera moto. O concesionario e o taller atópanse na rúa Camiño Real, no barrio da Milagrosa da capital.

Como xorde a creación de MotoLugo?

A empresa, como Motolugo, leva dende o ano 2000. Pero, dende o 1982, levamos traballando neste sector, baixo outro nome.

Que tipos de produtos ofrecedes? Pois traballamos coa marca Honda, en motos e en maquinaria e xardinaría. Para maquinaria forestal tamén temos a marca Echo.

Que servizos teñen máis acollida entre os clientes?

Principalmente, a compra de Honda. É o que máis tirón ten, tanto en maquinaria coma en motos, máis ou menos ao 50%. Tamén temos o taller multimarca que ten bastante clientes.

No tema de motociclista, o au-



mento no prezo dos combustibles, fixo mella?

A verdade, é que se notou, pero neste caso, para ben. Tivemos moitos clientes que deixaron de andar no coche e compráronse unha moto. É máis barato.

A pandemia supuxo un freo en moitos sectores, entre eles ao mundo do motor, ao non poder saír das casas. Pero, como afectou ao mundo da xardinaría?

Neste senso, pódese dicir que a pandemia foi un revulsivo. Houbo moita venda de desbrozadoras, para limpar fincas que igual tiñan medio abandonadas; a de cortacéspedes e robots tamén aumentou moito.

Que novidades hai no sector?

Agora, co tema das emisións hai moitos fabricantes que están desaparecendo. O sector estase abrindo a maquinaria máis eficiente e motores de batería. Cada ano que

pasa hai máis máquinas eléctricas con baterías.

Tamén no mundo do motociclismo?

Algo comeza a haber, pero Honda, polo momento, non ten nada eléctrico nas motos, pero en xardinaría si. Cada vez hai máis motores eléctricos e menos de combustión.

O cliente busca motores eléctricos?

Si. E coa suba do prezo dos combustibles, os clientes demandan cada vez máis este tipo de produtos.

Que obxectivos se marca a empresa de cara a un futuro?

Levamos abertos case 40 anos e queremos manter a mesma liña. Seguir como ata o de agora. Só temos Honda. E o noso obxectivo principal é seguir mantendo o número 1 de vendas de Honda na provincia, tanto en motos como en xardinaría. Manter ese liderado.

Marfer

INFORMATICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA

EXIT ERP
SOLUCIÓN MODERNA Y FLEXIBLE

SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL

red.es KIT DIGITAL

C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com

O PP acusa ao Concello de acumular impagos dun piso da súa propiedade

O Partido Popular no Concello de Lugo recriminou ao Goberno local presuntos impagos de recibos relativos a un piso de propiedade municipal.

Segundo os datos do Grupo Popular, o Concello de Lugo adebeda recibos da comunidade, unha cuota de obras nuns garaxes e ata unha derrama de obras no edificio. O impago ascende, presuntamente, a 5.100 euros.

No relatorio da relación de recibos pendentes, segundo os populares, está ao abono que lle correspondía ao concello da comunidade de 50 euros que non se pagou dous meses de 2020,

todo o ano 2021 e ata maio de 2022. Tamén deixou de pagar 3.152,98€ dunha cuota de obras e 852,66 euros por reparacións nos garaxes, asegura o PP.

A edil popular Mar Carballas anunciou hoxe que pedirá ao Goberno os motivos polos que non paga a totalidade do que lle corresponde xa que, considera “inaceptable que unha comunidade de veciños teña dificultades para afrontar os seus gastos con garantías a causa dos impagos do concello. “Logo presumen de pagar ao día pero a realidade que viven os veciños de Lugo é outra ben distinta”.

Lugo busca unha ducia de socorristas

O Concello contará este verán cunha brigada de media ducia de socorristas. Serán dous traballadores de salvamento máis do habitual para o municipio e que se encargarán, xunto aos seus compañeiros, da vixilancia e o salvamento acuático nas áreas recreativas fluviais da capital entre as que se integrará, tamén, a nova Plataforma de Baño Pública. Para que os dispositivos de seguridade estean xa dispoñibles no momento no que se abra ao público a Praia Fluvial, o Executivo local validou en Xunta de Goberno as bases de selección do persoal. A convocatoria amplía as achegas autonómicas concedidas ao abeiro das subvencións para o fomento e mellora da empregabilidade no ámbito da colaboración coas entidades municipais.

infraestruturas

Lugo xa ten PXOM

Tras once anos, o Goberno socialista saca adiante o documento urbanístico co apoio do Partido Popular

Lugo xa ten PXOM. Tras once anos de idas e vidas, de debates políticos e urbanísticos, o Partido Popular deu o seu voto favorable en pleno á aprobación do 5% do documento que restaba por aprobar tras modificacións solicitadas pola Xunta de Galicia.

Pódese dicir que, grazas a un recén chegado edil de Urbanismo, Álvaro Santos, tras un período de larga baixa por enfermidade, o PP puido dar o seu apoio. E é que esta semana, Santos reuniuse cos populares para responder ás súas preguntas con respecto ás modificacións realizadas no documento.

Diante disto, a alcaldesa falou no pleno criticando que os populares non deran o seu visto e prace a pasada semana. “Estiveron moi preocupados en dicir que eu son parte activa deste documento e que necesitaban esa semana máis para aclarar que estudaron, con-



Lara Méndez, alcaldesa de Lugo

sultaron, faláron con técnicos. E que, agora, van dar ese voto favorable”.

Lara Méndez explicou na súa comparecencia en pleno que a súa prioridade é que “a cidade creza e que creza con certezas e garantías”. Unhas certezas e garantías que, segundo dixo, dará “este documento que axudará a dinamizar

a economía local” e que a rexedora resumiu nunha frase: “Lugo é cidadanía”. A alcaldesa pediu, antes do voto, “traballo e responsabilidade” pois, dixo, “é o que ofrezco en primeira persoa e é o que ofrece o equipo de Goberno”.

O NON DO BNG. Os concelleiros do BNG repetiron o seu voto en contra na sesión plenaria. O tenente alcalde, Rubén Arroxo, explicou que “a militancia do BNG tomamos a decisión de manter neste pleno unha postura coherente co traballo feito realizado desde o minuto un da tramitación deste Plan Xeral”. Rubén Arroxo comparou o actual plan xeral cun puzzle de 20 pezas, e explicou que “a totalidade do puzzle prevía un gran crecemento poboacional, cunha estimación de que Lugo contara con máis de 300.000 habitantes aos 10 anos, mais a realidade é que o crece-

mento poboacional foi de pouco máis de 3.000 veciñas e veciños nos 11 anos e medio que pasaron”, explicou na intervención no pleno. Arroxo continuou a explicación do voto do BNG, afirmando que “a peza do puzzle que caeu, o 5%, continúa a formar parte dun proxecto de cidade que non compartimos”.

Arroxo afirmou que “continuaremos a apostar por un modelo de cidade sustentábel, que vaia da man coa realidade do Concello, e que sexa verdadeiramente útil para as veciñas e veciños de Lugo”.

Rubén Arroxo trasladou que o BNG valora positivamente parte das modificacións introducidas no proxecto que se votou hoxe, mais afirmou que “os cambios puntuais non cambian o conxunto do Plan Xeral, que desde o BNG seguimos calificando como alonxado da situación actual da cidade”.

A Muralla de Lugo, referente para as cidades europeas

Lugo e a súa Muralla Romana son xa referente para outras cidades europeas que aspiran a acadar o recoñecemento de Patrimonio da Humanidade por parte da Unesco para as súas murallas tardorromanas. Así o valoraron investigadoras da área de Antropoloxía Social e Cultural da USC na Facultade de Humanidades.

A Muralla Romana lucense acadou este recoñecemento hai máis de dúas décadas e, agora, unha iniciativa transnacional promovida dende a Universidade de Le Mans, reuniu no proxecto Murus- Murailles Romaines à l'Unesco e Sociétés, ao Campus de Lugo da USC e a Universidade la Sapienza (Roma).

Este programa ambiciona acadar unha maior dimensión internacional coa incorporación de novos centros universitarios implicados na investigación do patrimonio cultural e na análise das dinámicas sociais contemporáneas xeradas arredor de bens protexidos pola Unesco.

Remata a pasarela de Fontiñas

O Concello de Lugo continúa avanzando na mellora da accesibilidade das diferentes zonass da cidade. Así o lembrou hoxe o tenente alcalde e edil de Mobilidade, Rubén Arroxo, xunto co edil de Infraestruturas, Alexandre Penas, que amosaron a representantes dos colectivos vencellados coa accesibilidade, os avances realizados na construción da pasarela do Centro de Saúde de San Roque.

Arroxo explicou que “os traballos

de construción da pasarela están xa nas súas últimas fases”, e engadiu “hoxe pasouse a proba de carga, un dos últimos pasos antes de que a infraestrutura esté completamente rematada”.

A pasarela construída polo Goberno de Lugo une o comenzo da rampla que dá acceso ao centro médico coa parte alta da escalinata Primavera, pasando por riba da entrada do carril do xuízo, segundo o estipulado na normativa

vixentes sobre accesibilidade e permitindo o paso de vehículos pola parte inferior. Isto permite conectar este centro de Saúde coa Rolda de Fontiñas sen ter que subir as costas, aproveitando o ascensor de Fontiñas.

A pasarela terá un gálibo de máis de 4 metros, permitindo a circulación de vehículos pola súa parte inferior, e ten unha lonxitude de 34,68 metros

Rubén Arroxo explicou que “desde



a área de Mobilidade estudamos, desde a nosa chegada ao goberno, as distintas alternativas para darlle solución a este obstáculo, especialmente importante na unión

do Centro de Saúde coa rúa Primavera e coa rúa Peña Anda, dando continuidade ao ascensor xa instalado e solucionando unha reclamación da veciñanza da zona”.

Ousá
Panadería Pastelería Cafetería

San Martín de Guillar s/n. Outeiro de Rei - Lugo. T. 982 201 126

Ya puedes reservar tus libros de texto y material escolar con nosotros

Admitimos vales de la administración

¡Felices vacaciones!

Troll
Librería

Síguenos en [Instagram icon] [Facebook icon]

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

Marcha atrás para a praia fluvial

Un informe da Xunta impide a instalación da estrutura flotante para a zona de baño pública na Tolda e paraliza as obras

Con todo o material sobre o terreo e as obras xa comezadas para a creación da tan demandada ao longo da historia praia fluvial o Concello tivo que paralizar a construción da nova estrutura flotante, de 64 metros de lonxitude, que tiña por destino a zona de baño pública no río Miño na zona da Tolda.

Un informe da Xunta indica que a zona non é a apropiada e recomenda buscar un emprazamento no que haxa máis profundidade e menos correntes de auga e que non afecta ás poboacións de mexilóns.

“O Concello de Lugo fixo, está a facer e fará todo o posible para que a Plataforma de Baño Pública abra este mesmo verán”. A rexedora quixo despexar, así, con rotundidade calquera dúbida ao respecto desta cuestión ao tempo que afirmou que o Concello conta con todos os permisos oportunos, outorgados por un período de 25 anos, para poder abrir as instalacións.

“Na Administración local non temos constancia de ningunha notificación oficial que diga o contrario e que nos impida seguir avanzando na creación desta dotación, tremendamente demandada pola cidadanía – cómpre

sinalar que os técnicos municipais están traballando cos da Xunta de Galicia na procura das solucións máis axeitadas para resolver esta problemática que acaba de xurdir. Alternativas que poden pasar ben polo desprazamento augas arriba da propia estrutura, ben polo traslado da pequena colonia de mellilóns atopada a outro emprazamento, tal e como a Xunta lle permitiu facer á Confederación Hidrográfica para poder executar as obras do caneiro de Acea de Olga”, explicou a alcaldesa. “En calquera caso, o Concello está a facer todo canto está na súa man, a nivel documental e técnico e económico, co acondicionamento da superficie, a colocación de mobiliario urbano, a implantación do servizo de socorrismo e mesmo co arranxo e modernización dos parques infantís da contorna, para poñer a disposición da veciñanza esta Plataforma este mesmo verán”, concluíu Lara Méndez.

OPOSICIÓN. O PP do Concello de Lugo teme que a praia fluvial que o Goberno está a construír no paseo do Miño, “non só se vaia a atrasar senón que, por desgraza, sospeita-

mos que nin tan sequera a vaiamos a poder gozar este verán”.

Así o explicou o viceportavoz Antonio Ameijide lamentou que “a incompetencia de PSOE e BNG poida deixar aos lucenses outro verán máis sen esta zona de baño público no Miño que prometeron no ano 2010 e que a alcaldesa leva desde fai sete anos diciéndonos que a vai a poñer en marcha”.

Os populares cren que o que pasa coa praia fluvial de Lugo “é para facerllo mirar xa que en calquera municipio limítrofe se conta con esta dotación”. “Se facemos unha batida polos concellos da contorna observamos como os gobernos municipais si foron capaces de ofrecer ás súas veciñas zonas de baño públicas nos ríos como é o caso do Corgo, Outeiro de Rei, Begonte, Portomarín, Friol, Pontenova, O Cádavo ... téñense que ir bañar a municipios limítrofes”.

A concelleira de Cidadáns, Olga Louzao, dixo que “asistimos a un novo capítulo da saga de promesas incumplidas por Lara Méndez e o seu goberno ao que xa non queda nin un chisco de credibilidade. Máis aló dos anuncios grandilocuentes, non existe ningún tipo de xestión”.



O proxecto (arriba) e a alcaldesa ante as pezas para construír a plataforma

Adxudicados os tres proxectos do Lugo Zero: Corazón Verde

O Concello adxudicou a redacción dos tres proxectos construtivos que se enmarcan na estratexia municipal Zero: Corazón Verde. Unha iniciativa de Alcaldía para acometer a peonalización do 15% do Centro Histórico e convertelo, así, nunha Zona de Baixas Emisións (ZBE).

“O noso principal obxectivo non é outro que mellorar a calidade de vida da cidadanía incidindo directamente na mellora da calidade do aire para mitigar até un 40% as

emisións dos gases de efecto invernadoiro que orixinan os 37.000 vehículos que circulan á semana por esta contorna e que alcanzan as 409’71 toneladas de CO2 anuais”, lembra Lara Méndez.

Con esas premisas, a empresa Proyestegal SL será a encargada de realizar os proxectos para as tres intervencións previstas.

A primeira delas, que contará con 15 días de execución, abrangue a peonalización entre a porta Bispo Odoario e a Praza do Ferrol cun

investimento superior aos 57.000 euros.

O segundo proxecto, cun mes de prazo de execución, comprende unha parte do denominado Corazón verde entre Murallas e afecta á Praza do Ferrol. Neste caso, o orzamento será de 47.288 euros. O último e terceiro proxecto, cun mes de prazo de execución, atende á zona incluída entre a Praza de Santo Domingo e a rúa do Teatro. Prevese así, un custe de algo máis de 37.800 euros.

A cidade di adeus ás máquinas da Ora

A alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, supervisou hoxe o inicio dos traballos para retirar das rúas da cidade as máquinas do sistema Ora, actualmente en desuso.

Unha decisión que, segundo a propia rexedora “obedece aos cambios que está a experimentar a mobilidade urbana na capital, dentro da segunda gran transformación do municipio que iniciamos xa no anterior mandando e que responde a parámetros de sustentabilidade”.

Lara Méndez lembrou que, xunto ás medidas adoptadas que redundan no incremento dos espazos restrinxidos ao tráfico rodado e na creación dunha Zona de Baixas Emisións no Centro Histórico, “impulsamos outra serie de actuacións que inciden na disuasión do uso do vehículo particular fronte ao transporte colectivo e no fomento da utilización doutros medios como a bicicleta, para o que nos estamos dotando dunha senda ciclista de máis de 14 quilómetros de lonxitude e habilitando máis e



mellores estacionamentos nos diferentes barrios da capital, todos eles, totalmente gratuítos”, subliñou a alcaldesa.

Así, Méndez enmarcou tamén a súa decisión na necesidade de seguir avanzando na eliminación de barreiras que dificulten a mobilidade peonil e de mellorar a estética do conxunto da cidade ao tempo que se evita un foco de confusión para visitantes que descoñecen que, actualmente, estas máquinas, ao redor dunhas 60, non se atopan operativas”, concluíu.

GALENDURO STORE

PRIMER Y ÚNICO CONCESIONARIO DE MOTOS ELÉCTRICAS PARA LA PROVINCIA DE LUGO

ZERO e-broh

BENEFICIA DEL PLAN MOVES III CON UN DTO. DE HASTA 1.300 EUROS. NOSOTROS TE LO GESTIONAMOS.

8 meses III

VERACRUZ DE VUELTA. Max. 80 km/h

PARA CARNET B

INICIA TU CAMINO ELÉCTRICO

- 10 veces MÁS ECONÓMICA que una convencional.
- Mucho más limpio y silencioso.
- Prácticamente SIN MANTENIMIENTO.
- Pagarás MENOS IMPUESTOS.
- Recargable en CUALQUIER ENCHUFE.
- Subvención PLAN MOVES III de hasta 1.300 Euros.
- Amplia gama de Maxi Scooter, Naked y Deportivas

Te llevamos la moto a cualquier punto de nuestra provincia.

Servicio técnico en 24-48 horas para toda la provincia de Lugo.

O Pásate a vernos: Taller y Exposición

Rúa Diego Pazos, 92-94

27600 – Sarria (LUGO)

Whatsapp 698.130.764

Ullámanos al 982.876.725 o visita:

www.galenduro.es

Lugo estrea un vieiro escolar para alumnos de Franciscanos

O Concello de Lugo continúa a apostar polas rutas a pé para ir ás escolas. Faino abrindo novos vieiros escolares seguros, esta vez para os alumnos do Colexio Franciscanos.

O tenente alcalde da localidade, Rubén Arroxo, e o edil de Educación e Difusión do Coñecemento, Felipe Rivas, asistiron ao comezo deste roteiro seguro ata o colexio da praza Maior.

“Desde o Goberno de Lugo colaboramos coa iniciativa posta en marcha polo centro, avanzando no obxectivo de implantar vieiros escolares en todos os centros de ensino da cidade e fomentando hábitos saudables nas nenas e nenos”, explicou Felipe



Rivas. O Goberno habilitou un punto de bica e baixa, no que as familias poden deter o seu coche para deixar ao alumnado na rúa Salvador de Madariaga sen crear conxestións de tráfico.

A Praza de Bretaña, xunto coa rúa Quiroga Ballesteros son os dous puntos de partida escollidos polo centro para crear as rutas escolares seguras.

Aproban a cesión de terreo para levar Maxisterio ao Campus

A Deputación vén de aprobar a cesión, de balde, á Universidade de Santiago dos terreos necesarios para construír a Facultade de Formación do Profesorado na zona do Campus.

Así, segundo anunciou a voceira provincial socialista, Pilar García Porto, a institución acordou a concesión demanial gratuíta ata o ano 2058 do uso de 16 parcelas cunha superficie total de case 7.500 metros cadrados a favor da USC para ampliar o Campus e trasladar ao mesmo a Facultade de Formación do Profesorado, que actualmente está situada na avenida Ramón Ferreiro e onde o inmovible resulta

limitado para acoller esta actividade docente. Os terreos cedidos localízanse ao carón da Facultade de Humanidades.

Por outra banda, a Xunta de Goberno acordou elevar ao Pleno a aprobación dunha proposta para ampliar tamén ata o ano 2058 a cesión da Deputación á Universidade de Santiago doutras 8 parcelas cunha superficie de 200.570 metros cadrados, que ocupan facultades, centros de investigación e outros servizos educativos do Campus como o edificio Cactus; ou complexo docente que abrangue Relacións Laborais, Enfermería e Humanidades.

O Carril das Flores contará cunha nova plataforma única

O tenente alcalde, Rubén Arroxo, xunto co concelleiro de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas visitaron o Carril das Flores, onde o Goberno local está a executar unha serie de traballos destinados a aumentar o espazo peonil, coa creación dunha nova plataforma única. Arroxo explicou que “continuamos a traballar na mellora da entrada a Lugo a través do Camiño Primitivo”, e engadiu “nos últimos meses realizamos unha serie de intervencións na zona de Castelo, na entrada ao Concello de Lugo desde o Camiño, e continuamos agora mellorando a imaxe da entrada á cidade”.

A área de Mobilidade está a construír unha nova plataforma única, que ampliará o espazo peonil mentres se garante aos vehículos


o acceso aos garaxes. Ademais, renovaranse os muros da escalinata e renovarase a varanda, creando unha pequena zona verde. A actuación no seu conxunto mellorará a percepción visual desta zona da cidade, creando unha imaxe máis amable.

O Goberno de Lugo inviste 83.248€ nesta actuación, que permitirá continuar a avanzar na entrada a Lugo desde o Camiño Primitivo. Arroxo lembrou que “a imaxe de Lugo Km 100 colocada na praza do Camiño Primitivo está a converterse noutro dos atractivos da cidade, e con esta actuación facemos que o percorrido desde a entrada ao concello ata a estatua se realice de xeito seguro e dando ás e aos visitantes unha boa imaxe da cidade”.

Adxudicadas as obras para a recuperación da cloaca romana

Adxudicadas A Resconsa as obras para a recuperación e posta en valor da cloaca romana situada no semisoto da Sala de Exposicións Porta Miñá, no barrio do Carme. Unha intervención que abranguerá a parte da obra civil e arquitectónica das instalacións pero tamén a adecuación do espazo para que poida ser visitable e accesible.

Primeiramente, recuperarase a cloaca a un bo estado de conservación para ser exposta e, posteriormente, se acompañará á mesma cun equipamento de museografía para trasladar ao público a súa función e contexto na época romana, “co obxectivo de que a veciñanza poida realizar unha viaxe ao mundo soterrado



da cidade romana, co valor engadido de que sexa ademais na súa localización orixinal”.

O traballos previstos consistirán en acondicionar o soto con impermeabilizacións, revestimentos, solados e todas as instala-

cións precisas para o futuro uso, ao tempo que se reestruturará o espazo actualmente destinado a servizos e almacén que hai por detrás da Sala de Exposicións, dotándoo dunhas escaleiras, un elevador e uns novos aseos.

Restablecido o tráfico na N-VI sobre o paso soterrado

O tráfico da Nacional VI quedou restablecido no seu traxecto habitual, suprimíndose, deste xeito, o desvío provisional habilitado na marxe esquerda da estrada, en sentido A Coruña, con motivo das obras de renovación do paso soterrado, impulsadas polo executivo de Lara Méndez.

O desvío, que se activou en febreiro, desenvolveuse sen problemas a pesar de que é unha estrada cun volume de tráfico elevado, de máis de 25.000 vehículos diarios. O mesmo foi necesario para executar as obras de ampliación e mellora do paso soterrado, así como a humanización da súa contorna.

chupete SHOP

¡REBAJAS!

EN NUESTRA TIENDA ENCONTRARÁS COCHES, SILLAS, BATERAS, CUNAS, MODA INFANTIL...

Rúa Poeta Curros Enríquez, 28 - Lugo - Tel: 982 216 032
www.chupeteshop.com

FLORISTERÍA ROSE FLOR

San Roque, 173 Bajo - Lugo
982 223 504
680 453 401
ros3-flor@hotmail.com

FLORES A DOMICILIO

O Goberno local mellorará a seguridade na Volta da Viña

A unión entre o miradoiro da Volta da Viña e o Parque Marcos Cela de Lugo leva anos sendo un problema para a cidadanía pola perigosidade e a pouca visibilidade da vía.

Tan só dez metros que separan estes dous puntos e que conta cun importante desnivel, orixinado por un afloramento rochoso que dificulta a conexión peonil directa entre ambos espazos.

O Executivo de Lara Méndez está a recuperar esta localización, mellorando a seguridade deste treito coa instalación dun valado de madeira que delimita o percorrido de escaleiras de pedra existentes, exercendo ademais de punto de apoio, o que posibilitará a súa

próxima apertura.

“A nosa vontade é a de seguir incrementando a accesibilidade da capital e ir habilitando e rexenando espazos para permitir que a veciñanza poida desprazarse con comodidade por todos eles, buscando unha mobilidade sostible pero tamén racional e sobre todo segura”, sinalou a alcaldesa.

Nese mesmo sentido, lembrou que, precisamente, este enclave, coincidente co trazado do Carril Bici, contará cun novo paso de peóns intelixente, o segundo, xunto ao instalado na Rolda do Carme, que é capaz de detectar a presenza de viandantes para darlles prioridade ante o tráfico rodado.

Licitada a redacción de proxectos no polígono das Gándaras

O Executivo autonómico destinará 78.728,34 euros á redacción do proxecto de urbanización das fases IV, V e VII do polígono das Gándaras. Os ámbitos para os que se van redactar os referidos proxectos de urbanización inclúen un total de 188.472 metros cadrados que se distribuirán segundo as fases.

Actualmente Xestur está executando as obras de urbanización da terceira fase do parque, cunha superficie total de 55.7687 metros cadrados, dos que 35.424 corresponden ás 27 parcelas en que se atopa dividida.

O pasado mes de decembro rematou o acondicionamento da segunda fase das Gándaras, cunha superficie total de 97.691 metros cadrados,

dos que 45.346 corresponden a parcelas. En conxunto, as obras da segunda e terceira fases do polígono contan cun investimento por parte da Xunta de 5,94 millóns.

En febreiro a empresa pública convocou o concurso de venda de solo empresarial, entre o que se atopa o parque das Gándaras no que se adjudicaron 13 parcelas, cunha superficie total de 43.887 metros cadrados. Ante a concorrência de ofertas, o Consello de administración da sociedade decidiu convocar proximamente un novo concurso de venda, de maneira que as empresas interesadas poida acceder ao solo dispoñible en igualdade de condicións e con total transparencia.

O CEIP da Ponte estreará ascensor o vindeiro curso

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades licitou a instalación dun ascensor no CEIP A Ponte cun orzamento de 72.000 euros.

O obxectivo é mellorar a accesibilidade, ofrecendo un centro máis inclusivo e confortable para toda a comunidade educativa. Tamén no eido da accesibilidade, vén de rematarse o acondicionamento dun baño adaptado, para o que se destinaron outros 2.100 euros. Tamén está prevista a instalación dun ascensor con capacidade para 8 persoas, disposto polo exterior do edificio -que conta con planta baixa e dúas alturas- para non alterar as superficies de aulas nin espazos comúns.



Visita ao CEIP da Ponte

O delegado afirmou que “se axilizará o proceso de adjudicación do ascensor para aproveitar en todo o posible o período non lectivo e dispoñer do servizo o vindeiro curso”; o prazo máximo de execución desta obra será de tres meses.

O Concello aproba un crédito para paliar as deficiencias do auditorio

O Pleno do Concello de Lugo autorizou, por unanimidade, un suplemento de crédito, por importe de 1.525.835 euros, co que o Executivo de Lara Méndez poderá licitar proximamente o contrato para subsanar as múltiples deficiencias das que adoece o novo Auditorio de Lugo e que impiden a súa apertura ao público en condicións de seguridade.

A adxudicación incluírá o arranxo dos numerosos danos que presenta o inmovible, froito dos problemas estruturais e construtivos que padece, así como da falta de mantemento durante os catro anos que a Xunta de Galicia tardou e entregar a instalación cultural, xa executada, ao Concello.

Durante o debate, a propia rexedora clarificou que, ante a negativa da Xunta a recoller na Acta de Recepción cales eran os fallos detectados polos técnicos municipais, todas esas carencias lle foron remitidas ao ente autonómico nun escrito



mentres que a tenenta de alcaldesa e concelleira de Gobernanza, Paula Alvarellos, lembrou algún deses defectos como a inexistencia de saída de fumes na zona do restaurante e a cociña.

“Mesmo o sentido do seu voto é un recoñecemento tácito da existencia de todos eses fallos”, engadiu a edil. Alén de todas estas patoloxías, as

obras abranguerán, así mesmo, a urbanización do exterior da dotación que presenta importantes eivas en materia de accesibilidade e seguridade cidadá.

Coa partida habilitada a Administración local contribuirá, tamén, a financiar a reparación da cuberta da Fundación de Feiras e Exposicións de Lugo cunha achega de 38.934 €.

Estrean unha nova área na contorna da rúa Río Sil



O Concello de Lugo vén de presentar unha nova zona de esparexemento, esta vez, na zona de Paradai. Así o anunciaron a rexedora de Lugo, Lara Méndez, e o tenente de alcaldesa, Miguel Fernández, que avanzaron que o Executivo pretende humanizar esta parte da cidade, incrementando a súa habitabilidade. O recinto, situado na confluencia das rúas Río Sil, Hórreo e Lucas Ferro Caaverio se constitúe como unha moderna e cómoda área de descanso que completa as dotacións xa existentes neste punto da capital.

“A nosa intención era a de contribuír á rexeneración deste barrio e dar resposta, ao mesmo tempo, ás demandas que nos traslada a cidadanía. De maneira que, mentres este novo emprazamento posibilita a socialización, estamos mellorando a imaxe da contorna nunha tripla vertente: urbanística, social e de

servizos”, afirmou a alcaldesa.

Pola súa parte, o concelleiro de Medio Ambiente lembrou que “a actuación consistiu na creación dun percorrido peonil circular, cunha traza en planta semellante a un oito, que ofrece un banco continuo, de case 30 metros de lonxitude, coa mesma forma. Este conxunto, que posúe alén unha área axardinada, encerra unha gran árbore cuxa misión é a de proxectar sombra sobre a superficie do asento que, igualmente, foi dotado de iluminación indirecta para achegar calidez nocturna”.

Miguel Fernández explicou que os labores, que tiveron un prazo de execución de tres meses, supuxeron un investimento municipal de 48.373 euros. “Falamos dunha intervención que non foi moi onerosa pero que, pola contra, terá un gran repercusión, moi positiva, para a cidadanía”, concluíu o edil.

Volverá saír a licitación a cafetería do Vello Cárcere

O Concello de Lugo volverá sacar a licitación a xestión da cafetería do Vello Cárcere. Así o anunciou a edil de Gobernanza, Paula Alvarellos, que avanzou que este procedemento se autorizará o mércores en Xunta de Goberno. A área de Contratación vén de adjudicar os pregos “co fin de facer a adxudicación máis atractiva para o empresario local, de acordo ao contexto actual e á incerteza económica que derivou da pandemia”. Así, a edil referiu que “logo de que os anteriores concursos tiveran que declararse desertos pola ausencia de licitadores, dende o Executivo local analizamos as causas que puideron propiciar que non se presentaran ofertas e optamos por reducir o canon ata facelo practicamente simbólico, tratando, deste xeito, de fomentar a concorrência e de minorar o impacto que terá para a empresa adjudicataria afrontar o investimento inicial para poñer o establecemento a funcionar”, sinalou Alvarellos Fondo.

A responsable da área económica debullou, a continuación, outros detalles das bases. “Finalmente a concesión terá un importe mínimo de saída de 100 euros ao mes (1.200 €/ano) e unha duración de dez anos, prorrogable, anualmente, até un máximo de 5 máis, sendo competencia de quen a obteña acometer a instalación de todo o mobiliario e o equipamento e de executar a saída de fumes e a instalación completa de gas”, explicou.

O Concello segue co seu plan de obras e alumeado

O Concello de Lugo continúa adiante coa remodelación e mellora de moitas das rúas da cidade.

FERRADURA. Comezou a renovación da rúa Ferradura, nas Gándaras. A solución consiste na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Unha vez realizados estes traballos, renovarase a sinalización horizontal da zona. Esta intervención supón un investimento de 38.096,68€, para o asfaltado conxunto destas tres rúas, xunto co Camiño das Regas e a Pista da Fervedoira.

Durante o ano pasado, o Goberno realizou unha importante intervención nas Gándaras, renovando o asfalto das rúas Vagalume, Bolboreta, Paporrubio, Galo, Gaivota, Toledo, Areas, Rola, Camiño de Gustavo e Pombo, ademais dos ramais de acceso da rúa da Rola á Avenida Adolfo Suárez, Bolboreta a Monte Pía Páxaro e Adolfo Suárez á Urbanización Castro Gil.

LAMAS DE PRADO. Na rúa Lamas de Prado estase a traballar na renovación integral, que supón un investimento na zona, superior ao medio millón de euros. A renovación das beirarrúas permitirá aumentar a accesibilidade ao eliminarse as barreiras arquitectónicas.

Ao mesmo tempo, continuarase avanzando no calmado do tráfico, ao instalarse na zona novos pasos de peóns elevados, ademais de mellorarse a disposición da sinalización vial. O treito fronte á praza do Castiñeiro converterase nunha nova plataforma única, gañando espazo peonil sen afectar á mobilidade dos vehículos.

Renovarase, ademais, o mobiliario urbano e as zonas verdes da zona e



instalarase unha nova marquesiña para a parada do bus urbano, e habilitaranse novos aparcabiscos na zona. Con anterioridade se realizaron na zona accións de calmado de tráfico na contorna do colexio Menéndez Pelayo e da escola infantil municipal Serra de Outes.

LUÍS SEOANE. Na rúa Luís Seoane, se están a eliminar as barreiras arquitectónicas, creando unha serie de espazos de relación e descanso que permitirán o desfrute da zona por parte da veciñanza, potenciando o carácter vivo da rúa ao longo do día. Estes espazos de relación dotaranse de mobiliario urbano como bancos e papeleiras, xerando pequenas prazas que favorezan o carácter peonil do conxunto. Ademais, manteranse as árbores existentes na súa posición actual, garantindo zonas de sombra.

Xunto coa transformación da rúa, renovarase tamén os servizos soterrados, como o alumeado, cuxa instalación se soterrará, e preparase tamén o sistema de canalizado para facilitar o soterramento das instalacións de electricidade e telefonía. O modelo de Plataforma Única, permitirá gañar espazo para o tránsito peonil, sen afectar á dispoñibilidade de prazas de estacionamento.

CAMPIÑA. O Concello de Lugo está a renovar do asfalto no polígono da Campiña. Así o explicou o edil de Infraestruturas Urbanas, Alexandre Penas, quen visitou as pistas que unen a N-640 coas naves desta zona industrial onde.

A solución adoptada consiste na aplicación dunha capa de rodadura baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme

ante a acción da auga superficial, o que asegurará que a intervención sexa duradeira. Nos vindeiros días renovarase a sinalización horizontal da zona e adaptaranse as distintas tapas de rexistro á nova altura da banda de rodadura.

ALUMEADO. O tenente alcalde do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou o inicio dos traballos de renovación do alumeado público exterior na rúa Rei don García e nas rúas adxacentes. “Continuamos a traballar na renovación das luminarias nas principais rúas da cidade e nos barrios para acadar unha maior luminosidade e eficiencia”, afirmou Rubén Arroxo, que engadiu “con esta intervención conseguirase un importante aforro no tocante a factura eléctrica que debe pagar Concello mellorando, ao mesmo tempo, a cantidade de iluminación na zona”.

Ademais de Rei don García tamén se renovarán as luminarias nas rúas rúas Catasol, na rampa de Claudio Lopez, Rof Codina, Carril das Encrucilladas, Sanxillao e na rúa dos

Agros. Instalaranse un total de 34 luminarias novas e reducirase o consumo de enerxía eléctrica nun 50%. A redución de consumo permitirá aforrar 4250W e deixar de emitir 6,8 TN de CO2. Con esta actuación continuarase coa renovación das instalacións alumeado público exterior que se está a facer en toda a cidade.

O Goberno de Lugo inviste en total 115.367,22€ nesta actuación, que ten un prazo de execución de 12 semanas. A renovación do alumeado permitirá tamén avanzar na eliminación de luminarias que utilizan elementos contaminantes, dado que a rede actual está formada por luminarias de vapor de sodio, que pasarán a ser luminarias LED.

PEONALIZACIÓNS. Avanzan tamén a bo ritmo as obras de peonización da zona de Rafael de Vega, a cargo do departamento de Infraestruturas. Ademais, anunciouse a humanización das novas peonizacións que o Executivo acomete no barrio de Recatelo atendendo ás peticións da veciñanza a través da campaña de participación Dito e Feito.

Convenian a reforma do centro de saúde da Milagrosa

O Concello de Lugo asinou o convenio de colaboración que establece as bases, entre o Goberno autonómico e o local, para levar a cabo as obras de reforma no centro de saúde da Milagrosa. Unhas obras que contan cun orzamento total estimado en torno aos 2,5 millóns de euros.

Este centro, de 48 anos de antigüidade, ocupa os espazos dun antigo sanatorio nun edificio de 4 plantas con problemas de accesibilidade e de funcionalidade e tamaño nos

espazos de consultas e salas.

Nese sentido, formulouse un plan funcional que prevé, dentro da reforma integral do centro, situar 6 consultas de medicina de familia, 6 de enfermería, 1 despacho de traballador social, 1 sala de toma de mostras, 1 sala de técnicas, 2 consultas de docencia e 2 salas polivalentes; ademais de espazos como almacén, sala de espera, aseos, zona de admisión, sala de estar do persoal, vestiarios, sala de xuntas, oficinas...

30.000 plantas en flor para as rúas

Máis de 30.000 plantas en flor ornamentan as zonas verdes. Unha acción da Concellería de Medio Ambiente que estenderá esta campaña primaveral a 26 localizacións.

18 variedades vexetais, entre as que destacan begonias, petunias, dahlias ou celosías, tinguirán de cor ademais dos xardíns da capital outros espazos públicos como prazas e rúas.

Os traballos, que teñen un tempo moi limitado para poder executarse debido aos condicionantes que impón a plantación, comezaron esta semana no Centro Histórico pero tamén nos barrios como pode ser o da Piringalla ata onde se achegaron a rexedora, Lara Méndez e o edil para comprobar como se están desenvolvendo.

REFLEXOLOGÍA PODAL
El arte de sanar a través de los pies

Pide tu cita: 696 629 696

Ikigai
Centro Histórico

RAXERIA LAXA

ESPECIALISTAS EN
CARNE DE VACA PREMIUM

C/ EDUARDO PONDAL 20, BAJO, LUGO TEL. 982 216 536
www.raxerialaxa.com

O IES Sanxillao amplía as súas instalacións de Hostalaría e Turismo

O IES Sanxillao aumentará, o vindeiro curso, as súas instalacións logo da execución das obras de ampliación coa que gañará 622 metros cadrados de superficie útil nunhas novas instalacións destinadas aos ciclos de FP da familia de Hostalaría e Turismo. Xa está totalmente finalizada a obra do edificio existente, onde as reformas afectan a 726,64 metros cadrados de superficie. Así, a intervención inclúe modificar os vestiarios e os aseos da planta baixa; redistribuír os espazos no primeiro andar para crear un taller que faga as funcións de bar-cafetería, unha aula de cata e unha aula polivalente; e crear unha segunda aula polivalente e un almacén para material e mobiliario no segundo andar. O futuro volume permitirá contar con talleres para a elaboración de panadería e repostería; outros dous para preparar pratos fríos ou quentes e un taller-restaurante. Xa se recibiu no centro o novo equipamento, incluídas cociñas, fornos ou trens de lavado, entre outro material. Arias incidiu en que o IES Sanxillao oferta ESO, todas as modalidades de Bacharelato e Formación Profesional da rama de Hostalería e Turismo, un eido no que este centro xa é todo un referente. O vindeiro curso refórzase a oferta de ciclos coa implantación de dous novos, o superior de Guía, información e asistencia turística e o medio de Panadería, repostería e confeitaría.

A veciñanza, molesta polas fochancas

Continúan as protestas veciñais en torno á gran fochanca que hai ao carón da rotonda de Garabolos. Tras meses de queixas de colectivos veciñais, nestes días aparecía unha pancarta que criticaba, de forma satírica, este foxo que o concello de Lugo ten rodeado cun valado para evitar accidentes. No cartaz, feito a man e de cores, pódese ler: “En contrución financiada polo Exce-lentísimo Concello de Lugo 1ª entrada de metro”. Así, coa sátira que caracteriza aos galegos, reclaman ao goberno local o arranxo urxente desta fochanca. A Asociación veciñal Alto de Garabolos, de Lugo, denunciaba a principios deste mes de xuño o “lamentable estado” que presenta esta vía de circulación e que, segundo o colectivo, supón “un grave perigo para condutores e, en consecuencia, para os viandantes”. O colectivo instaba aos titulares da Concellería de Vías e Obras a que acometan “con urxencia” a reparación do pavimento do carril afectado polo afundimento. Pola súa banda, a concellería de Infraestruturas Urbanas, avanzaba en maio que o arranxo desta fochanca situada na avenida da Coruña faríase en varias fases para non entorpecer o tránsito de vehículos. A concellería executará os traballos durante o verán, dado que se trata da época na que esta vía acolle menos tráfico.

RÚA FREI PLÁCIDO REI LEMOS. A Federación de Asociacións Veciñais Lucus Augusti, da provincia de Lugo, vén de solicitar ao Concello de Lugo,

a través dun escrito, a reparación urxente do firme da rúa Frei Plácido Rei Lemos da cidade de Lugo. Xunto ao escrito, a federación veciñal enviou imáxenes do que tildaron “lamentable estado actual” desta vía. As fochancas, din, “son inasumibles, tanto en número como en dimensións”. E, segundo o colectivo veciñal, resulta “incompatible” cunha correcta circulación de vehículos e viandantes “moi numerosos e de frecuencia diaria”. Unha rúa que, tal e como lembran, atópase nas inmediacións directas do Parque Rosalía de Castro, polo que resaltan tamén a “penosa imaxe que ofrece tanto a turistas como aos propios lucenses”. Dende a Federación de Asociacións Veciñais instan ao Goberno local, a que acometan “de forma urxente” a solicitada reparación do pavimento da rúa Frei Plácido Rei Lemos.

RÚA CANTEIROS. O edil do PP Rafael Pérez, explica a situación da rúa dos Canteiros, xusto na parte traseira do polígono do Ceao, na parte que une esta zona industrial coa N-VI. “Acudimos trala chamada dos veciños e comprobamos o terrible estado que presenta esta vía”, afirma. Durante a visita, Pérez puido constatar as “grandes dificultades” que teñen que superar os traballadores que empregan esta vía para poder realizar o seu traballo. “Vimos como incluso furgonetas teñen que conducir en zig-zag, dun lado a outro da estrada para poder circular. Está claro que iso é calquera cousa menos unha estrada en condicións”, dixo.



Arriba, a rúa Frei Plácido Rei Lemos e, abaixo, a fochanca de Garabolos

Piden o arranxo da paxareira

O Concello de Lugo realizou, o pasado ano, un lavado de cara ao parque Rosalía de Castro. Así o lembran dende o Partido Popular, que advertiron que esa limpeza puntual “non cubre todas as necesidades desta zona verde”. Entre outras cousas, os populares reclaman melloras na antiga paxareira do parque. O PP lucense asegurou que o estado deste edificio “é peor” que fai un ano “sen que ao goberno local lle importe o máis mínimo”. Unha situación de “abandono” ante a que os concelleiros populares sinalan que é preciso realizar os arranxos necesarios e, para evitar este deterioro, buscar algún uso para este edificio xa que “é unha boa instalación que ten unha boa localización”.

O Concello estrea catro novos autobuses urbanos tipo ECO

Lugo contará con catro novos autobuses que se veñen de unir á frota da rede de transporte público municipal. Así o presentou o tenente alcalde de Lugo, Rubén Arroso, quen asegurou que o Goberno local continúa a traballar na renovación dos buses urbanos, “avanzando na inclusión de buses con baixas emisións e clasificación como vehículos ecolóxicos”, indicou Rubén Arroso, que engadiu, “queremos que a xente aposte polo bus urbano para reducir tráfico na cidade e avanzar nunha cidade sostible cunha mobilidade alternativa e ecolóxica”. Os catro novos buses, modelo ISU-ZU Citybus utilizan o, un derivado do petróleo, como combustible, o que permite reducir nun 8% as emisións de CO2 e nun 30% as emisións de óxidos de nitróxeno. Rubén Arroso declarou que a área de Mobilidade está traballando en



“transformar a mobilidade de Lugo para que sexa moito máis sostíbel, onde o transporte público sexa fundamental”. En canto á accesibilidade, os dous novos vehículos incorporan un renovado sistema Kneeling, que permite baixar a altura do autobús para facilitar a subida das usuarias. Ademais, conta con rampla para

persoas con mobilidade reducida e unha praza para cadeira de rodas, e portos USB para a carga de dispositivos electrónicos. Os catro buses, que comezarán nos vindeiros días a percorrer as liñas 3, 6 e 9, teñen en total 74 prazas, divididas en 20 asentos, 53 persoas de pé e unha praza para persoas con mobilidade reducida.



Abre, renovado, o parque infantil da rúa Río Mandeo

O Concello de Lugo vén de abrir, de novo, o parque infantil da rúa Río Mandeo, logo da súa renovación. Así o explicou a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, xunto ao edil de Medio Ambiente, Miguel Fernández. A alcaldesa e o edil supervisaron o estado final dos traballos antes de proceder á apertura ao público do recinto, que foi modernizado no seu conxunto para incrementar a súa versatilidade e atractivo. Ademais da instalación de novos

elementos de xogo, integradores e accesibles, estes se introduciron xa no propio pavimento coa substitución do firme anterior por outro de caucho, máis colorista, duradeiro e comfortable. “Incrementamos así a seguridade de toda a área, na que se renovou, alén, o peche perimetral de madeira, en prol de incrementar a protección das crianzas e facilitar a súa vixilancia dunha maneira cómoda para todas as persoas usuarias”, aclarou Lara Méndez.

A MAXIA DAS PARROQUIAS

Santa María Madanela de Adai

Situada a seis quilómetros da capital, agocha un importante patrimonio histórico do neolítico

O municipio de Lugo é, sen lugar a dúbidas, sinónimo de patrimonio. Paseando polo concello, máis aló do territorio enmarcado entre o Miño e o Rato, as parroquias rurais gardan máis dun segredo que, en moitas ocasións, non coñecen nin os propios veciños da localidade.

Patrimonio cultural e natural que conflúen en pequenas aldeas e que contan cunha historia digna de lembrar. Este é o caso da parroquia de Santa María Madanela de Adai, conformada por seis núcleos de poboación, Adai, As Cancelas, Ferreiros, Porto Meilán, Vilamaior e Vilar e que está a menos de dez quilómetros do casco histórico de Lugo.

Cun centenar de habitantes en

total, as aldeas de Adai están dispostas a xeito de balcón sobre o río Miño, sendo estes seis núcleos os únicos con poboación nesta beira do río. O resto, terra agraria, pradarío e monte.

Precisamente, esas terras que se erguen monte arriba son a forma de vida dalgunha das poucas granxas de gandaría vacún que aínda se manteñen ao carón da cidade.

A nivel cultural, unha das pezas que destaca é a Acea do Rei Chiquito, onde unha presa diagonal atravesa o río Miño, pouco antes da estación depuradora da auga, na estrada vella de Ombreiro. No lugar de Adai, érguese a igrexa de Santa María Madanela, construída en 1901, e que agora están a



restaurar. De estilo historicista, a igrexa está rodeada dunha contorna envexable debido ao gran patrimonio natural e conta cunha curiosa fonte á súa carón que, malia estar datada de 1997, chama a atención de expertos por estar conformada por elementos máis antigos.

Pero o prato forte desta parroquia é, sen dúbida, o coñecido como Prado das Cancelas. Subindo monte arriba, a 499 metros de altitude, o paseante pode atoparse co dolmen de Adai. Unha parte da cámara dun túmulo neolítico xa desaparecido.

Desta cámara tan só quedan uns poucos restos e o seu estado de conservación empeora co tempo, pero merece a pena tan só por se un dos poucos exemplos do megalítico na cidade. Malia que, polo momento, non se estudiou a súa procedencia, outros restos achados na zona axudan a situar este túmulo entre o 3200 e o 1800



a.C.

Situados nese prado e subindo polas pistas de terra cara a cima do monte, a poucos metros, podense atopar o santuario rupestre de

Pena Fita ou Pedra Fita, probablemente da idade de Bronce, ou os petróglifos das Penas do Castrillón. Estas últimas, formarían parte do poboado de Castrillón, catalogado de época castrexa, malia que os últimos estudos, acordan que podería ser anterior.

Mais se algo chama a atención nesta parroquia é o Altar de Adai. Unha misteriosa rocha de máis de 10 metros de lonxitude e 6 de ancho que se eleva no cumio desta montaña, e que conta con preto de vinte cavidades redondas e ovaladas. Malia que se descoñece o seu uso, relaciónase cun posible santuario neolítico con 4000 anos de antigüidade que podería estar adicado ao deus Lug.

Ao seu carón, numerosas rochas apiladas e con cavidades, probablemente artificiais, completan este conxunto arqueolóxico que dá boa fe do patrimonio histórico que Adai posúe ao pé do Miño.



Confirmada a existencia dun templo altomedieval en San Xoán de Pena

A parroquia lucense de San Xoán de Pena conta cunha igrexa alto-medieval datada de entre os séculos VIII e IX. Así o confirmou unha actuación arqueolóxica no xacemento do Adro Vello. Os traballos corroboraron a existencia dunha ábsida semicircular que pertenceu ao antigo templo prerrománico. No mesmo emprazamento construíuse despois unha igrexa románica de maior envergadura, se ben a igrexa parroquial foi trasladada no ano 1872 á ubicación actual, polo que se cumpre este ano o 150 aniversario do traslado.

A intervención arqueolóxica ten por obxectivo favorecer a caracterización e delimitación espacial do xacemento, así como a súa conservación e as visitas por parte da cidadanía. Conta cun orzamento de 12.000 euros.

Os labores iniciáronse coa limpeza dos muros e interior da capela e a súa contorna; afectan a unha superficie aproximada de 700 m2 na área na que se consideraba que se atopaba a antiga igrexa, trasladada

O lugar estaba cuberto de arboredo e vexetación, polo que resultaba difícil facer unha valoración dos restos existentes, podéndose só apreciar en superficie parte dun gran muro de cachotería de lousa que pertencería á antiga igrexa parroquial.

A intervención inclúe a realización de



sondaxes arqueolóxicas valorativas no chan do espazo interior da capela; tamén se levan a cabo prospeccións na área para localizar posibles novos sitios ou elementos históricos relacionados con esta capela, que serán xeorreferenciados de cara o seu inventario. Igualmente, acometeranse pequenos traballos de conservación das estruturas localizadas, como os muros da igrexa, así como o levantamento topográfico mediante fotogrametría 3D da edificación e o seu contorno inmediato.

DESCUBRIMENTO. Os descubrimentos realizados na década dos anos 70 do século XX e os vestixios procedentes deste lugar que se conservan indicaban a existencia dunha primitiva igrexa, posiblemente de orixe prerrománica, que estaría en

relación co proceso de poboamento e cristianización do territorio lucense entre a antigüidade tardía e a alta idade media.

As intervencións dos anos 70 realizáronse baixo a dirección de Ricardo López Pacho, profesor dun colexio da capital, ao abeiro do concurso da televisión público estatal Misión Rescate, dando como resultado o achado dos restos dunha ábsida escavada na rocha, así como ladrillos e pezas escultóricas de granito e mármore, entre as cales destacan dous capiteis de follas de acanto, unha basa e un posible canzorro, e tamén restos de pinturas, elementos que se atopan depositados na actualidade no Museo Provincial de Lugo e no Museo Diocesano, ou mesmo reaproveitados e depositados na igrexa nova de San Xoa da Pena.

Comezan os traballos de roza nas parroquias



O Concello de Lugo inicia o plan de roza municipal na zona rural. Os traballos, que foron supervisados hoxe polo da área de Medio Rural, Miguel Fernández, contan cun orzamento de 107.064 euros e se desenvolverán ao longo dos meses de verán.

“Queremos garantir así a visibilidade e a comodidade dos condutores e acadar unha maior seguridade nos camiños e estradas de titularidade municipal, ademais de previr incendios”, segundo apuntou o edil.

Estas tarefas consisten na roza mecánica e manual da maleza polas dúas marxes, alcanzando a paseos, gabias e noiros contiguos, ben en terraplén ou en desmonte e incluso as pólas das árbores ata obter un gálbo libre que permita circular con seguridade”

A altura máxima de calquera tipo de vexetación, despois da

sega, non deberá superar nunca os sete centímetros. Así mesmo, tamén se limparán de maleza os campos da festa, explanadas ou prazas que sexan públicas.

Miguel Fernández explicou que “os traballos serán realizados por un mínimo dunha ducia de operarios e 8 tractores, e utilizarase así mesmo maquinaria manual”. Comezaron esta semana de forma simultánea, en San Xoán de Pena, Bacurín e San Xoán do Campo. Na vindeira semana continuarán en Tirimol, Soñar e Bosende, para proseguir polas zonas limítrofes actuando nas estradas de titularidade municipal, concretamente na totalidade das 54 parroquias luguesas.

Estes traballos complétanse co desbroce de camiños e pistas forestais que se realiza durante todo o ano con maquinaria do Parque Móbil municipal.

Mellora nos accesos e vías do rural

A área de Medio Rural do Concello de Lugo mellorará os accesos aos núcleos de Santa María Alta e Matelo e tamén da parroquia de Ribas de Miño partindo da pista de Argonde e atravesando o lugar de Vilachá, onde a obra alcanzará, neste caso, non só á estrada principal senón tamén aos camiños que conducen ás vivendas e á Igrexa.

A Xunta de Goberno vén de autorizar a contratación dos traballos, orzamentados en 81.734 euros e 59.543 euros, respectivamente. Os labores previstos – que unha vez adxudicados terán un prazo de execución de dous meses – incluírán a limpeza de cunetas para facilitar a circulación das augas e a adaptación dos rexistros existentes ás novas rasantes, así como a reposición do firme con aglomerado en quente, “xa que son vías moi transitadas e que, debido á súa antigüidade, se atopan nunha situación que esixe á súa rehabilitación urxente”, referiu o edil.

Xa finalizaron as tarefas de acondicionamento na N-540 á estrada de Bazar e na N-540 ao núcleo de O Corral de Abaixo, na parroquia de Calde, aos que a área de Medio Rural destinou 53.486 euros, achegados con cargo ao Plan Único do ano 2021.

Miguel Fernández avanzou que tamén se realizarán melloras noutras estradas como a da LU-P-2903 ao Rego do Mera, na parroquia de Vilachá de Mera, ou a da LU-P-2903 a Prógalo e en Poutomillos á que sucederá a prevista na N-640 a Pedreda, que se sumarán á xa realizada na estrada de Conturiz a Cardoso, nas parroquias de Santo André de Castro e San Mamede dos Anxos.

ESTRADAS. O Concello de Lugo aprobou o inicio do proceso de adxudicación de varias actuacións de mellora de viarios nas parroquias de San Martiño de Piñeiro, Santa Cristina de San Román e Lamas, onde se investirán 158.723 euros.

Trátase de obras de mellora en estradas que, pola súa antigüidade, e polo deterioro que padecen xunto ca intensidade de tráfico que soportan.

Os puntos onde se actuará son o treito de estrada municipal que atravesa o lugar de Piñeiro, os viarios de Allariz e Camiño de San Román e o acceso que, partindo da estrada provincial CP-2402 atravesará o lugar do Val ata as proximidades da CP-1611, así como as denominadas pistas de Teicelle e da Ferrería. Todas as obras terán un prazo máximo de execución de dous meses.

As execucións beneficiarán directamente ás comunicacións viarias dos veciños das parroquias de San Martiño de Piñeiro, Santa Cristina de San Román e Lamas, co fin de garantir a seguridade da circulación en puntos moi transitados.

Todas están enmarcadas dentro do Plan Único Provincial de Cooperación e responden ás peticións veciñais existentes nas parroquias.

Adxudicada a explotación do Mazo de Santa Comba

Adxudicada a explotación do restaurante do Mazo de Santa Comba en Lugo. A Xunta de Goberno da Deputación aprobou hoxe as concesións destas instalacións de titularidade provincial.

A voceira socialista, Pilar García Porto, deu conta hoxe dos asuntos tratados en Xunta de Goberno e concretou a concesión é por dous anos, con posibilidade de dúas prórrogas anuais, é dicir, un máximo de catro anos.

A Deputada detallou que os adxudicatarios poderán facer uso das instalacións tras depositar unha cantidade económica como garantía e asinar un acordo para formalizar obrigas, “polo que esperamos que

en pouco tempo estes servizos xa estean a disposición da cidadanía e axuden a promocionar o territorio e a dinamizar a economía”, explicou.

No caso do Mazo de Santa Comba, o prezo mensual que debe abonar o adxudicatario é de 450 euros, que significarán 5.400 euros ao ano; e en Ponte do Sil, o prezo é de 502,50 euros ao mes, é dicir, 6.030 euros ao ano.

“Con este concurso público a Deputación non busca obter unha renda económica, senón unha rendibilidade social e turística. O que queremos é promover o uso e manter activas estas dependencias provinciais para que sexan aproveitadas pola cidadanía”, explicou Porto.

DEPUTACIÓN

Reclama axudas ás ganderías para paliar o impacto da guerra

A Deputación urxe á Xunta a que convoque canto antes unha liña de axudas para o sector gandeiro co fin de paliar o impacto da guerra de Ucraína. Así se acordou por unanimidade no Pleno ordinario do mes de xuño celebrado este martes, a raíz dunha proposta presentada polo Goberno provincial.

A voceira socialista, Pilar García Porto, expuxo que a Deputación reclama “unhas achegas directas ao sector agrario, complementarias e da mesma cantidade que as dedicadas polo Estado aos produtores de Galicia, e destinadas aos subsectores gandeiros de carne, tanto de vacún, ovino e cabrún, como avícola e cunícola”. A institución provincial tamén insta a que o Goberno galego poña en funcionamento un Observatorio de Prezos que evite que os produtores cheguen a vender a perdas, e tamén a creación dunha Axencia autonómica de Información e Control Alimentarios como ferramenta para axudar a

conseguir os obxectivos fixados pola Lei da Cadea Alimentaria.

García Porto puxo de manifesto que, “mentres a Xunta aínda non ten achegado nin un só euro en axudas ao sector, o Goberno de Sánchez duplicou a solicitude de fondos que lle pedira o ex presidente Feijóo”. Lembrou, nese sentido, que o pasado 30 de maio, 6.434 gandeiros e gandeiras galegos de leite percibiron xa 55M€, dos que 25 millóns corresponden ás 2.835 explotacións leiteiras da provincia de Lugo.

Especificou, así mesmo, que o sector cárnico está na mesma situación. “Nin un só euro da Xunta, mentres que o Ministerio de Agricultura xa se moveu e ten en trámite as achegas”, manifestou a Deputada no Pleno. “Hai que falar de que hai uns meses os prezos do leite estaban en 29 e 30 céntimos, e hoxe están en 40 e 41 céntimos, e dende logo este resultado non foi froito da loita do Partido Popular nin das súa implicación alí

onde gobernan”, dixo.

A Deputada lembrou que a proposta vai na liña da iniciativa aprobada por unanimidade o pasado 17 de xuño no Parlamento de Galicia a instancia do PSdeG para reclamar tamén unha liña de axudas ao sector agrogandeiro con fondo propios. “Naquel momento estivemos de acordo, pero é necesario lembrar tamén que Feijóo cando aínda era Presidente lle reclamaba ao Goberno do Estado 65 millóns de euros, a mesma cantidade que aportaba a Unión Europea”. Así mesmo, afirmou que dende aquel momento, ademais das medidas xerais de bonificación dos carburantes, o Goberno de España aprobou un paquete de axudas para o sector duns 360 millóns de euros, 169 deles de xeito específico para o sector lácteo; e concretou, que no caso dos sectores agrogandeiros, o Goberno “duplica a axuda europea de 65 millóns de euros, aportando outros 128 ata chegar a un total de 193”.

Publicada a concesión de axudas para actividades culturais

Publicouse no Boletín Oficial da Provincia a concesión provisional de axudas de concorrencia competitiva para a organización de actividades de interese cultural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo. Máis de 175 colectivos e asociacións culturais das distintas comarcas resultaron beneficiarias da convocatoria, que conta cun orzamento total de 200.000 euros.

A través das achegas, a Vicepresidencia da Deputación de Lugo financia clases de música e baile tradicional, obradoiros de teatro, narración oral ou pintura, actividades de formación no eido das artes escénicas, a produción de documentais, a celebración de festivais, certames, xornadas relacionadas coa historia ou patrimonio, así como outras actividades de posta en valor das tradicións e do patrimonio inmaterial organizadas por asociacións en todo o territorio.

A vicepresidenta Maite Ferreiro sinalou que “con esta convocatoria renovamos o noso compromiso coas asociacións distribuídas polas parroquias, concellos e comarcas, que facilitan o acceso á actividade cultural en todo o territorio e xeneran un dinamismo moi necesario para o sostemento do tecido económico vinculado a creación e á produción cultural”.

A Deputación, anfitrioa da Copa de España Creativa 2022



A deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, presentou xunto á presidenta de España Creativa, Belén Elisa Díaz, as bases e a convocatoria para optar a unha nova edición da Copa de España Creativa, que recoñece iniciativas innovadoras para promocionar o desenvolvemento sostible do territorio.

Como gañadora da pasada edición deste certame de ámbito nacional, a Deputación acollerá a final do concurso este ano coa celebración do VIII Fórum de Cidades e Territorios Creativos de España 2022, que terá lugar entre os días 10 e 12 de novembro baixo o título de Experiencias Lugo 2022 – Turismo, creatividade e innovación para o

desenvolvemento sostible.

A Copa de España Creativa inclúe catro modalidades: para cidades ou municipios de máis de 50.000 habitantes; para administracións de menos de 50.000 habitantes; para diferentes territorios, como rexións, illas, comarcas, provincias ou comunidades; e para empresas e outras entidades que dialoguen co territorio e impulsen proxectos de ámbito local ou rexional.

Os proxectos deberán abarcar dúas áreas diferentes, como urbanismo, medio ambiente, transporte, enerxías renovables, saúde, tecnoloxía, deporte ou educación, pero será requisito imprescindible que a cultura e a innovación sexan parte do mesmo.

Asoporcel recibe unha axuda de 39.000 euros



O presidente da Deputación, José Tomé Roca, asinou co presidente de Asoporcel, José Barreira Alonso, un convenio de colaboración a través do que a institución provincial achega 38.000 euros á entidade. O acordo ten como obxectivo impulsar un plan de fomento da produtividade, competitividade e rendibilidade das granxas de porco celta. José Tomé Roca explica que este proxecto de Asoporcel impulsado pola Deputación ten como obxectivo facilitar aos gandeiros e gandeiras as ferramentas necesarias para que as súas granxas acaden a máxima rendibilidade e que a produción teña a mellor saída comercial. “Estamos a falar dun conxunto de ferramentas, como o asesoramento e formación dos gandeiros e gandeiras, o control da xestión dos aspectos sanitarios de produción, o control das medidas de bioseguridade, o mantemento das insta-

lacións, o control da trazabilidade da produción e tamén aspectos comerciais e publicitarios”, subliña o presidente.

A finalidade do convenio é, polo tanto, avanzar na profesionalización do sector, asentar as ganderías existentes e atraer á xente nova para iniciar unha actividade gandeira que resulte atractiva como xeito de vida. Tomé Roca engade que “con este convenio tamén se contribúe a incrementar os servizos de Asoporcel na súa función de dinamizador da raza porcina galega, conservando moitos postos de traballo existentes na actualidade relacionados directa e indirectamente co porco celta”. Nese sentido, para a implantación do programa engadiuse un novo técnico veterinario ao cadro de persoal da asociación no 2020 e neste 2022 incorporouse un enxeñeiro agrónomo.

Unha mostra sobre a inserción laboral de persoas con discapacidade visita 6 concellos

A Deputación levará a seis concellos da provincia a mostra Cegasal, unha asociación de persoas para as persoas sobre a inserción laboral das persoas con discapacidade.

A exposición estará composta por 24 imaxes do fotógrafo coruñés Diego Silva, que amosa a capacidade laboral das persoas con discapacidade e que percorrerá os concellos de Monforte de Lemos, Sarria, Viveiro, Foz, Vilalba e Lugo entre mediados do mes de xuño e setembro. Coincidindo coa última parada desta mostra, que terá lugar no Pazo de San Marcos, haberá tamén unha xornada de formación sobre os Centros Especiais de Emprego que será aberta á cidadanía.

“Con esta iniciativa, dende a Deputación pretendemos poñer en valor o traballo que desenvolven as persoas con discapacidade nas empresas. Cremos que un aspecto moi importante para lograr unha inclusión plena das persoas con discapacidade é lograr a súa inserción laboral en igualdade de condicións. Por iso, esta exposición fomenta a sensibilización e a concienciación sobre esta realidade”, sinalou García Porto.

A Deputada remarcou que “estes traballadores e traballadoras son un exemplo claro de que é posible promover unha cultura empresarial inclusiva, que entenda a diversidade como un activo xerador de valor social e económico”.

AO NOSO CARÓN

Un dobre derrubamento do viaduto do Castro corta a comunicación por estrada

O derrubamento de parte do viaducto do Castro na autovía A-6 en dúas ocasións diferentes sorprendeu por parte iguais a todos os gobernos así como a poboación. Do mesmo xeito, deixa a Galicia sen conexión coa meseta por autovía xa que a situación require un estudo en profundidade da situación e unhas obras posteriores que durarán meses.

Os derrubamentos produxéronse en dúas quendas diferentes e en ningunha das dúas houbo que lamentar vítimas persoais, malia o aparatoso do sinistro.

Mentres as protestas pola situación continúan co Goberno local, o autonómico e o BNG implicados, búscanse as verdadeiras razóns do derrubamento. O derrubamento no viaducto da A6 puido deberse, segundo distintas informacións, a algún problema oculto da estrutura que puido pasar desapercibido no proceso de revisión da zona ou ben desencadearse como consecuencia dos traballos de reparación que se desenvolven dende hai un ano.

Os viadutos estaban a ser obxecto de obras de reparación, iniciadas o pasado mes de outubro de 2021, a través dunha declaración de emerxencia. Concretamente, a calzada sentido A Coruña estaba pechada á circulación e o tráfico estaba a ser desviado pola calzada sentido



Madrid. Tras producirse o incidente, lembrou a ministra, pechouse inmediatamente, por precaución, a calzada sentido Madrid e o tráfico comezou a desviarse pola N-6.

A ministra de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana, Raquel Sánchez, transmitiu unha mensaxe de tranquilidade e destacou que o máis importante é garantir a seguridade dos usuarios. Ademais, insistiu en que se reforzaron os estudos para determinar as causas dos incidentes e establecer unha folla de roteiro para chegar a unha solución canto antes.

MEDIDAS. Para garantir a circulación

entre Galicia e a meseta, o Goberno desviou o tráfico rodado pola estrada N-6. O Executivo trasladou toda a información tanto á Xunta de Galicia como á de Castela e León, as dúas comunidades afectadas, coas que avanzou que manterá comunicación fluída sobre este dispositivo.

Paralelamente ás medidas de seguridade e de reordenación da circulación, o delegado indicou que o Goberno puxo marcha unha investigación para analizar as causas do suceso.

“Levará tempo e por iso pedimos tranquilidade e acougo, porque a prioridade é a seguridade”, afirmou.

Así mesmo, informou de que leste mesmo mércores comezaron os traballos para a reconstrución da vía, de maneira que o tránsito poida restablecerse canto antes no viaduto con todas as garantías.

José Miñones destacou que “a conexión de Galicia co resto do Estado é prioritaria para este Goberno”, polo que o Mitma poñerá todos os recursos necesarios recuperar o viaduto. Mentres tanto, o ministerio traballa “para buscar as mellores alternativas de comunicación que afecten o menos posible aos usuarios”, afirmou o delegado, que pediu paciencia e prudencia.

DEPUTACIÓN. O Pleno da Deputación reclama ao Estado o arranxo urxente do viaduto do Castro na A6. Unha moción presentada polo BNG e apoiada polo PSdeG e o PP reiteraba a esixencia de transparencia na información sobre as causas dos derrubamentos na A-6 e alternativas para a circulación mentras non se restableza o paso pola ponte do Castro.

No debate da moción, o voceiro nacionalista Efrén Castro fixo fincapé na necesidade de que o Estado habilite “solucións temporais que permitan recuperar a máxima normalidade e seguridade na circulación por estrada ata que se restableza o paso pola autovía”.

Neste sentido, a moción nacionalista, aprobada por unanimidade, demanda “a creación dunha comisión de seguimento para a recuperación da infraestrutura coa presenza do Estado, da Xunta, dos sectores económicos e sociais afectados e das forzas políticas parlamentarias na que se fale dos prazos e dos medios necesarios”.

O BNG, que tomou a iniciativa á hora de presentar a moción para o pleno provincial, votou tamén a favor das propostas presentadas polos grupos socialista e popular, sinalando a necesidade “de unir forzas para estar visitantes e facer presión para que se cumpra co aprobado”, e o Estado responda á demanda de investigación, solucións temporais e prazos para a recuperación da infraestrutura.

Impulso á creación da marca Reservas da Biosfera Terras do Miño e Ancares

A Deputación de Lugo convocou reunións informativas con produtores das dúas Reservas da Biosfera que xestiona, Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, para seguir avanzando na creación da marca que identificará os produtos elaborados nestes territorios.

Nos encontros participan dúas representantes do Organismo Autónomo Parques Nacionais (OAPN) do Ministerio para a Transición Ecolóxica que están colaborando coa institución para a implantación dos distintivos.

O Deputado de Medio Ambiente, José Luis Raposo, asistiu á reunión celebrada este mércores no Edificio de Servizos Múltiples de San Román de Cervantes, onde explicou que nas marcas das reservas da provincia

“terán cabida produtos vitivinícolas, de repostería, cárnicos ou artesanais” e avanzou que agora mesmo estase a traballar no regulamento necesario para conseguir a licenza de uso, un novo paso cara a súa posta en marcha.

Entre os obxectivos que busca a institución provincial con esta iniciativa, Raposo salientou que “darán maior visibilidade e valor aos produtos, diferenciando a súa procedencia, profesionalidade e calidade”. Apuntou que a Deputación leva tempo traballando neste proxecto, que “facilitará a comercialización, ao tempo que se converterá nun factor máis de atracción de cara ao deseño de produtos turísticos sostibles, non masificados e de calidade”.

Destacou o Deputado de Medio Ambiente que “Lugo conta con máis do

80% da súa superficie recoñecida como Reserva da Biosfera, un dato impresionante pola súa importancia cuantitativa” e lembrou que o ano pasado un proxecto da Deputación sobre os Soutos nos Ancares gañou o premio España Creativa. “Queremos ser tamén un referente en innovación, en deseño de novas tendencias, de posta en valor do medio ambiente que combinan a tradición coa aposta polo futuro”.

A secretaria do Programa Home e Biosfera (MaB) da Unesco que coordina e desenvolve o OAPN está a traballar en diferentes iniciativas para dar visibilidade á marca Reservas da Biosfera Españolas nas que se integrarán as de Terras do Miño e Os Ancares Lucenses, Montes de Cervantes, Navia e Becerreá. Entre esas accións, destaca unha web na que



as empresas con produtos e servizos rexistrados poderán poñelos á venda de xeito gratuito.

A Xunta ten previsto resolver o vindeiro mes de xullo as dúas ordes de axudas dotadas dun orzamento global de máis de 5 millóns de euros e dirixidas a financiar proxectos, actuacións e iniciativas que teñan como obxectivo principal a mellora e posta en valor das 7 reservas de biosfera declaradas en Galicia. O pasado 11 de febreiro se publicou a primeira destas ordes, dirixida a financiar ac-

tuacións por parte de concellos e entidades vencelladas a calquera das 7 reservas da biosfera galegas. Cun orzamento global de 3,22 millóns de euros para o período 2022-2023, estes incentivos permitirán financiar a instalación de observatorios para aves, accións de recuperación de vexetación de ribeira nos ríos ou de eliminación de especies invasoras, accións de concienciación, mellora de sendas e áreas de descanso ou colocación de sinalización, entre outro tipo de proxectos.

Renovan o firme en dúas estradas ao seu paso polo centro urbano

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade executou traballos de renovación do firme na estrada autonómica LU-934 ao seu paso polo núcleo urbano, nos que realiza un investimento de 70.000 euros.

A actuación comprende un ámbito de 770 metros de lonxitude na Avenida de Lugo, desde a entrada ata o centro da localidade -puntos quilométricos 00+000 a 00+770-. Vaise renovar integramente a capa de rodadura con mestura de bituminosas en todo o treito, así como a sinalización horizontal.

Arias destacou que a reforma achega maior seguridade para a circulación nunha zona urbana como esta, con moito tránsito de peóns. “A Xunta -afirmou- realiza un traballo constante de mantemento e conservación nas estradas autonómicas, para que estean en condicións óptimas e proporcionen o maior nivel posible de eficiencia e confort ao tráfico rodado e peonil”.

ESTRADA A LUGO. Por outra banda, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade está a executar traballos de renovación do firme na estrada autonómica LU-234, en nove quilómetros entre os municipios de Lugo e Friol, concretamente no treito que une Ombreiro con Cotá, entre os puntos quilométricos 04+000 e 12+660.



O alcalde e o delegado da Xunta, supervisando as obras

A Xunta de Galicia inviste 519.685 euros nesta importante actuación que afecta a unha das vías de circulación de máis circulación, ao seu paso polos municipios de Lugo e de Friol.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, comprobou hoxe a marcha das obras, que comezaron o pasado día 20 e que rematarán, segundo as previsións, o vindeiro 1 de xullo. Esta actuación comezou coa limpeza previa

das cunetas e continuou co reforzo da capa de rodadura cunha mestura bituminosa en quente nunha lonxitude de 8,66 quilómetros da estrada LU-234. Concretamente actuarase entre o punto quilométrico 04+000 ao 08+570, polo municipio de Lugo, e entre os puntos quilométricos 08+570 e o 12+660, no concello de Friol.

Unha vez rematadas as obras de reforzo do firme acometeranse o repintado da sinalización horizontal en toda a estrada, entre os puntos quilométricos 00+000 e 12+660, unha actuación que rematará nos primeiros días de xullo.

Friol presenta un campo de voluntariado sobre o pasado castrexo da vila



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cristina Pichel, participou na presentación do campo de voluntariado Friulio, que se desenvolverá entre o 28 de agosto e o 9 de setembro na localidade lucense de Friol. O programa, destinado a quince mozos de entre 18 e 30 anos, forma parte da campaña de verán O verán que queres contar posta en marcha pola Xunta. Este campo de voluntariado, de carácter etnográfico, xira arredor do festival que lle dá nome, Friulio, celebrado desde 2017. A celebración recrea a chegada dun destacamento romano a un poboado castrexo e dá a coñecer o proceso

de romanización que tivo lugar no século II d.C.

Os participantes neste campo de voluntariado poñerán en valor os restos arqueolóxicos que forman parte do festival, realizarán tarefas de limpeza, de sinalización e de plantación de árbores, e formarán parte de obradoiros de cestería, pan, queixo e construción de pallozas. Ademais, tamén terán sesións de música e baile e visitas culturais a lugares destacados en Lugo capital, Sobrado dos Monxes ou o mesmo Friol. Os participantes resumirán as actividades do festival nunha pequena peza audiovisual para as redes sociais.

A localidade vivirá as súas festas de Santa Isabel do 9 ao 11 de xuño

Friol prepárase este mes de xuño para desfrutar das súas festas patronais, na honra de Santa Isabel, que terán lugar do sábado 9 ao luns 11, este último coincidirá como festivo local.

Como manda a tradición, haberá misa os tres días. Tras a celebración relixiosa haberá tamén tempo de música con sesión vermú, o sábado coa orquestra M-3 Show, o domingo con Stereo e o luns co dúo Eclipse.

Pola noite haberá verbena coas orquestras Suavecito, o venres e nos días seguintes La Banda de Ayer e New York.

As festas e Friol reunirán novamente aos veciños, que colaboran todos os anos cunha couda. Ademais, o concello fixo unha especial colaboración neste evento ademais das colaboracións de diferentes negocios. A programación festiva, que se



garda algunhas sorpresas, complétase con actividades para os máis cativos.

O concello organizou unha serie de actividades como as actuacións de La Penúltima, tribuno a Sabina, que tivo un gran éxito.

Toponimízate visita o concello en novembro

A iniciativa de divulgación da toponimia galega *Toponimízate*. *Falámosche dos nomes da túa terra* duplica neste ano 2022 a oferta de actividades e chegará a 17 concellos. Coordinada pola Real Academia Galega, en colaboración coa Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia, a campaña chega á súa quinta edición co obxectivo principal de difundir o valor da riqueza toponímica e involucrar a moitos colaboradores e colaboradoras no gran proxecto colectivo de salvagarda dos nomes de lugar a través da aplicación Galicia Nomeada.

Pantón, Sada, Laza, Chandrexa de Queixa, A Fonsagrada, Covelo, Castelo de Miño, Rodeiro, Fisterra, Ortigueira, Allariz, Oleiros, Pontearreas, Forcarei, Zas, Guntín e O Incio son os concellos onde

se impartirán as charlas con este dobre obxectivo.

As sesións de *Toponimízate*, como en edicións anteriores, serán impartidas por Vicente Feijoo, coordinador técnico do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega e de Galicia Nomeada, contando coa colaboración do académico electo Gonzalo Navaza na elaboración das etimoloxías. O groso da campaña desenvólvese, como é habitual, no outono e aterrará en Guntín o mércores, 23 de novembro ás 12:00 horas na Casa da Cultura.

Nesta nova xeira de charlas, procúrese escoller concellos onde a microtoponimia –nomes de leiras, montes, regatos, fontes, penedos...– corre maior risco de se perder, quer por viviren un forte despoboamento nas últimas décadas.

EN BREVE

CESIÓN DA DEPUTACIÓN. O Pleno da Deputación tamén aprobou a cesión de dous treitos de dúas estradas de titularidade provincial aos concellos de Guntín e Begonte. Unha decisión que foi acordada logo de que as dúas administracións locais solicitasen a titularidade. No caso do Concello de Guntín, a Deputación cede un treito da estrada LU-P-2405 entre os puntos quilométricos 8,433 e 9,004.

PAI. O Concello de Guntín ten aberto o prazo para matricular aos nenos, o vindeiro curso escolar 2022/2023, no Punto de Atención á Infancia (PAI) da localidade. Este centro estará aberto de luns a venres entre as 8.00 e as 16.00 horas. Este PAI conta cunhas instalacións modernas, amplias e equipadas, deseñadas para atender á seguridade da infancia. Con actividades adaptadas á idade, traballarán no desenvolvemento emocional, cognitivo, afectivo e motor dos nenos usuarios.

A información pública a ampliación do polígono



Sae a información pública o Proxecto de Interese Autonómico para a Ampliación do Parque Empresarial do Corgo. Así o publicou onte o Diario Oficial de Galicia que explica que o Goberno da Xunta someterá é opinión da cidadanía este plan durante o prazo dun mes.

A ampliación do polígono do Corgo ocupará unha superficie total de 203.049 metros cadrados, dos que 118.244 metros corresponden ás parcelas en que se divida. O orzamento previsto para a ampliación do parque empresarial supera os 8,5 millóns de euros, estan-

do previsto que este mesmo ano se adquira o solo necesario por importe de máis de 1,24 millóns. Parte deste solo xa é propiedade de Xestur.

A licitación das obras de urbanización está prevista para o terceiro trimestre de 2022, por un importe de máis de 3,5 millóns de euros. Ademais, será necesario destinar máis de 3 millóns de euros aos servizos exteriores do parque —subministro eléctrico, abastecemento de auga e saneamento—. O resto do investimento corresponde a traballos técnicos e outros gastos.

Os socialistas critican a política de contratación temporal municipal

O voceiro do PsdeG-PSOE do Corgo, Francisco Otero Besteiro criticou hoxe a política de contratación do Concello, tras convocar dúas prazas para o punto de atención á infancia (PAI) no que agora están tres traballadoras. Nesa liña lembra que o Concello xa convocara 2 prazas para estes postos de traballo no mes de maio de 2019, como persoal laboral temporal, e lamenta que dende o goberno municipal non convoque as 3 prazas para este servizo, como xa reivindicou o seu grupo en setembro do 2019. “Dende a administración, debemos loitar por garantir a estabilidade laboral dos traballadores. Estas profesionais xa pasaron un proceso selectivo coas probas pertinentes e exames correspondentes para poder desempeñar as súas funcións. Estas 3 traballadoras estiveron a facer unha labor excelente cos nenos e nenas, e agora teñen que enfrontarse a un proceso selectivo que as pode

levar a quedar fora. So o descoñecemento de tal proceso te fai ignorante da dificultade que supón superar unha oposición”, advertiu.

Sinala tamén que foi o Grupo Socialista quen apostou e reclamou en reiteradas ocasións este servizo para o Concello. “Para o PP nunca foi prioritario unha gardería na nosa vila, xa que sempre argumentaban que os estudos que fixeran dicían que non había nenos suficientes que fixeran necesario prestar ese servizo, o tempo demostra que se converteu nun servizo esencial para as familias do Corgo, e para as nenas e nenos que non teñen que desprazarse a outras vilas”, insistiu.

Ademais replica que nesta convocatoria o Concello de novo só convoca 2 prazas, cando actualmente prestan este mesmo servizo 3 traballadoras. “Preguntámonos porque o Concello do Corgo volve a recortar prazas no persoal no PAI

cando este funcionaba perfectamente? Si pretenden contratar a esa terceira persoa, volveran a utilizar o método da temporalidade e a xogar coa inestabilidade de esa empregada/o?”.

“Ata o de agora sempre se sobre pasou dos 15 nenos, si non son capaces de garantir ese mínimo tratándose dun concello de uns 3.500 habitantes queda evidente que as políticas que están a levar a cabo referente a asentar poboación son nefastas. Lamentablemente nos fai pensar que a estratexia que teñen para loitar contra a sangría e fuxida de poboación do noso Concello e a mesma ca nos fixo perder máis de 1.350 habitantes nos últimos 30 anos”, dixo.

No que se refire ao servizo de limpeza que se está a prestar en esta dependencia municipal, “comprobamos que 1 hora non é o tempo suficiente para facer unha limpeza das características que esixe esta instalación”.

rábade

Doazón ao colexio de libros sobre educación en igualdade

Como peche das actividades financiadas a través do Pacto do Estado Contra a Violencia de Xénero realizadas o Concello de Rábade realizou unha aportación de libros á biblioteca do CEIP Otero Pedrayo co fin de dar continuidade no centro a esta labor educativa enmarcada na educación para a igualdade.

M^{ra} Jose De Arriba Redondo, Concelleira de Servizos Sociais e Cultura do Concello de Rábade fai a entrega do material a Remedios González Carbancos, directora do centro.

Entre os exemplares entregados inclúense libros adaptados para infantil e para primaria co fin de cubrir todas as idades do centro educativo. As historias e os contos son unha excelente ferramenta para o traballo dende o profesorado así como para que o alumnado descubra e asente valores dun xeito lúdico e atractivo. “Dende o Concello apóstate por traballar na promoción da igualdade na comunidade. Principalmente traballando dende a sensibilización, a información e a prevención para crear conciencia dos beneficios de apostar por unha sociedade máis igualitaria e máis xusta”, dixo a concelleira.

A Deputación cede a rúa Música Crisanto ao Concello



O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou xunto ao Alcalde de Rábade, Xosé Fernández Montes, a cesión da institución provincial ao Concello da Rúa Música Crisanto, situada nun treito da LU-P-5102 ao seu paso pola vila. No acto, celebrado xunto á propia vía, tamén participaron o Deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, e o Tenente de Alcalde, Alejandro Martínez.

José Tomé subliñou que a institución provincial entrega esta vía, que é unha arteria importante para as comunicacións da vila e con moita actividade comercial, despois de investir 150.000€ para o seu acondicionamento e mellora. “Actuamos así por-

que entendemos que é o lóxico entre institucións. Cando a Deputación lle cede unha vía a un Concello, debe entregala en boas condicións de uso e aproveitamento polos veciños e veciñas”, sinalou o presidente.

Entre as actuacións levadas a cabo estivo a renovación do firme, de beirarrúas, de zonas peonís e de zonas de aparcamento, así como das redes de abastecemento e de saneamento, da rede de baixa e media tensión, do alumado público e da rede de telecomunicacións. Este tramo da vía, na viven uns 500 veciños e veciñas, conta cunha gran actividade comercial e linda con infraestruturas básicas como o campo da feira ou a pista polideportiva.

castro de rei

Volve en xullo a Rozas o Criterium Aeurnáutico

O Real Aeroclub de Lugo recupera este ano a celebración do Criterium Aeronáutico de Galicia e a Volta Aérea a Galicia, que terá lugar durante os días 22, 23 e 24 de xullo. Trátase de dous eventos aeronáuticos nos que se darán cita no aeródromo de Rozas unha multitude de aeronaves, pilotos e curiosos.

O Criterium Aeronáutico, que se consolidouse como un dos eventos aéreos máis importantes no panorama nacional, nace fai 15 edicións co obxectivo de achegar o mundo aeronáutico a todo aquel que queira ver as distintas exposicións ou a participar nas diversas actividades. Como sempre, haberá paracaidismo (imprescindible reservar praza), os voos de introdución, avións acrobáticos, simulador de voo e todo tipo de exposición de aeronaves (históricas, contemporáneas, institucionais, drones, RPAS e un longo etcétera).

A Volta Aérea a Galicia alcanza



este ano a súa edición número 37, tradicional rallye aéreo galaico-portugués onde todos os pilotos que queiran participar poderán medir as súas habilidades aos mandos das súas aeronaves. Trátase dunha proba incluída no calendario deportivo de 2022 da CTNULM, aprobado pola Real Federación Aeronáutica Española. A inscrición está aberta e pode facerse no Real Aeroclub de Lugo.

outeiro de rei

Outeiro de Rei contará con dúas piscinas públicas e un centro BTT

O Concello de Outeiro de Rei contará con dúas piscinas públicas e un centro BTT para bicicletas de montaña cun investimento total previsto de máis de 1,1 millóns de euros.

O obxectivo da intervención será dotar ao municipio lucense dunha nova área deportiva e recreativa que terá como elemento principal o complexo acuático e os servizos complementarios asociados. O convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e o Concello de Outeiro de Rei que permitirá acometer e incorporar ao patrimonio municipal as obras resultantes xa está firmado.

O ámbito de intervención correspóndese cunha parcela que ten unha superficie aproximada de 2.688 metros cadrados, localizada en Santa Isabel, preto da área recreativa do mesmo nome ao carón do Miño. O primeiro paso será a adecuación dos terreos nos que se proxecta o complexo, para de seguido acometer a construción das instalacións previstas e a urbanización do entorno.

A instalación central serán as dúas piscinas municipais ao aire libre,



unha delas de uso infantil e a outra para adultos, que contarán con zonas destinadas a usos complementarios así como para aseos e vestiarios de uso público e área de enfermería. A tal fin, o proxecto inclúe a construción dunha edificación que albergue, ademais das instalacións necesarias para dar servizo ás piscinas, estancias aptas para outras actividades. En concreto, unha cafetería con espazo para almacén, cociña e baños propios; e un centro BTT cunha zona taller para reparación das bicicletas, unha área exterior de lavado e aseos de uso exclusivo e independente para os seus usuarios.

No caso de Outeiro de Rei, o com-

promiso de financiamento das obras para as anualidades de 2022, 2023 e 2024 ascende a 1.101.955,82 euros, dos cales o 70% será achegado polo departamento galego e o 30% restante polo Goberno municipal.

Ademais, a Consellería asumirá a contratación da execución e da dirección das obras, a xestión das mesmas ata que se completen os traballos conforme ao previsto, e a formalización dos actos de recepción. Pola súa banda, o Concello encargárase da redacción do proxecto no que se definan as actuacións a executar, e unha vez recepcionadas, da súa explotación, mantemento e conservación.

Lara Pita pasa a encabezar aos nacionalistas locais



A asemblea do BNG en Outeiro de Rei vén de escoller a nova responsabilidade local da organización a través dun proceso democrático, participativo e asembleario.

A militancia nacionalista decidiu pór a fronte a Lara Pita, veciña de Francos, ten 35 anos e é traballadora no Sergas.

A nova responsábel, Lara Pita, declarou “é unha honra que as compañeiras e compañeiros do BNG depositaran en min toda a confianza para proxectar a organización”. Lara Pita destacou os obxectivos desta nova andaina “en Outeiro témolos claros, o BNG é a única garantía para cambiar o rumbo do noso concello, polo que saímos a por todas para gañar a alcaldía nas vindeiras eleccións do 2023”.

O BNG quéixase da falta de resposta de Patrimonio sobre o derrube da porta medieval

A deputada Olalla Rodil presentou no Parlamento unhas preguntas sobre a desaparición das pedras da porta que estaba no Camiño Real, detrás do Pazo dos Gaiosos, no propio centro da vila de Outeiro de Rei que chamaba atención pola súa feitura e a súa antigüidade.

Agora, despois de moitos séculos, esa porta xa non existe porque foi derrubada e no seu lugar tan só queda unha morea de pedras, algunhas das cales poderían formar parte da porta orixinal.

Esta porta era parte dunha construción que o Concello mercou hai uns meses por estar nas inmediacións do lugar onde se ía construír o centro de día, obras que aínda a día de hoxe se están a realizar na propia parcela onde se derrubou a porta.

Para o BNG é fundamental que se paralice calquera actuación que teña que ver con este desfeito, intentado evitar que “desaparezan” ou se deterioren aínda máis as pezas desta porta, e é por iso se preentaron preguntas sobre este



tema na Comisión 4ª da mesa do Parlamento: se a Xunta de Galicia era coñecedora do acontecido nas obras do centro de día, tamén preguntou se estaban catalogadas ou inventariadas as portas, o valor patrimonial da mesma, así como as medidas a tomar para evitar que o alcalde de Outeiro faga desaparecer ditas pedras.

A contestación a estas preguntas foi dada pola Consellería de Política Social e Xuventude en lugar de contestar Patrimonio que foi a quen se lle fixeron as preguntas.

portomarín

O PSOE tilda de improvisación a falta de orzamentos

“Improvisación e falla total de traballo”, así describen os socialistas de Portomarín, que a día de hoxe, 6 meses dende o inicio do ano, “o alcalde e todo o seu Goberno non ten presentado nin os orzamentos para esta anualidade nin tampouco as contas municipais”.

A Voceira Socialista, Silvia Rodríguez advertiu que esta situación de completa deixadez, “que tampouco é nova no Concello, pode poñer en perigo proxectos de futuro, así como a concorrência e a participación en subvencións e axudas das diferentes administracións públicas”.

Como explican os socialistas, os orzamentos son a “folia de ruta que marcan as diferentes políticas e os investimentos dos pequenos concellos”.

“Non podemos estar en pleno mes de xuño sen saber en que vai gastar o Concello os nosos orzamentos e cales van ser as súas prioridades. Aínda que xa nos teñen acostumando a realizar un

copia e pega doutras anualidades, esperemos que esta ano se poñan a traballar para realizar un documento real e acorde as necesidades do Concello de Portomarín. E sobre todo no que se escoite aos colectivos e as asociacións da vila co fin de dar resposta as súas demandas”, insisten dende o PSdeG. Os socialistas non entenden “a que esta esperando o alcalde” para dar conta deste documento económico. “Ao noso rexedor, como neste e outros moitos asuntos, nin esta nin se lle espera”, replican os socialistas.

“Chegan tarde, incumpren prazos de presentación e, seis meses despois, seguimos esperando a que nos presenten os orzamentos municipais. No noso concello hai moita política de foto e propaganda, e moi pouca do traballo diario e do importante. A veciñanza demanda explicacións desta situación de abandono, e nós tamén”, remarcán.

Un convenio permitirá que se rehabilite o colexio

Un convenio de colaboración entre o Ministerio de Transportes co Goberno galego permitirá que tres centros da provincia de Lugo se rehabiliten de forma sostible.

Este acordo foi asinado a finais de decembro de 2021 pola secretaria de estado do Ministerio, Isabel Pardo de Vera, e pola conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Angeles Vázquez.

Con el, Galicia recibe 27.331.200 euros do Ministerio con cargo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para rehabilitar 26 edificios de titularidade autonómica, con especial fincapé nas actuacións de mellora da eficiencia enerxética.

Na provincia de Lugo son tres os centros educativos os que recibirán estas achegas públicas son o CEIP Plurilingüe Virxe da Luz de Portomarín o cal recibirá 732.224 euros, o CEIP Gregorio Sanz de Ribadeo 830.585 euros e o IES María Sarmiento de Viveiro será dotado con 696.586 euros.

O delegado do Goberno en Galicia, José Miñones, agradeceu á Xunta a súa colaboración na tramitación destes fondos e lembrou máis da metade dos 1.665 millóns de euros do Plan de Recuperación que o Goberno despregou xa en Galicia están a ser xestionados de xeito directo

pola comunidade autónoma. En concreto, o 55% dos fondos; é dicir, 907 millóns ata o momento. “O Plan de Recuperación está chegando ás persoas, con 2.500 entidades beneficiarias; está chegando a 1.600 empresas galegas e; dende logo, está chegando tamén á educación”, manifestou o delegado, recalcou a “oportunidade única” que supoñen estes fondos.

O Programa de Impulso á Rehabilitación de Edificios Públicos ou Pirep, persegue a rehabilitación sostible do parque público institucional cunha visión integral que abarca a todo tipo de edificios públicos (administrativos, educativo, asistencial, deportivo, sanitario, cultural...) e segue os principios da Axenda Urbana Española e os obxectivos de sustentabilidade, estética e inclusión da nova iniciativa Bauhaus europea, sen perder de vista o principal obxectivo do Plan: lograr un aforro enerxético medio superior ao 30%. Non hai que esquecer que unha gran parte do parque público edificado construíuse antes do ano 79 e presenta deficiencias enerxéticas.

O Pirep está dotado cun orzamento total de 1.080 millóns de euros dos que 480 se transferiron directamente ás comunidades autónomas para rehabilitar os seus edificios.

EN BREVE

PISCINA. O Concello de Castroverde xa ten abertas as piscinas municipais dende as 12 horas ata as 20 horas ata o vindeiro 18 de setembro.

AMIGOS DO PATRIMONIO. O colectivo Amigos do Patrimonio de Castroverde organiza para o vindeiro sábado 9 de xullo unha visita cultural ao municipio de Negueira de Muñiz. Tras un roteiro pola localidade, a asociación realizará unha visita ao eco-museo El País del Abeyero, en Pena da Nogueira. O prezo da actividade, que inclúe o xantar, a visita cultural e o autobús rondará entre os 35 e os 40 euros en función do tipo de visita.

CENTRO DE DÍA. O Concello de Castroverde abre o prazo para solicitar praza para o Centro de día da localidade. Para proceder á apertura deste centro de día, o Goberno local precisa un número mínimo de solicitantes polo que piden a todas aquelas persoas, maiores de 60 anos, pensionistas, interesadas en solicitar praza no centro de día no Centro de Maiores O Castro chamen ao teléfono do Concello 982 312 080. A participación e o prezo do servizo calcularase en función da capacidade económica de cada solicitante.

O gando equino toma a vila a mediados de mes

O Concello de Castroverde organiza para o vindeiro 17 de xullo a súa tradicional Feira do Cabalo. Con apertura ás 9.00 horas, o mercado gandeiro da localidade acollerá, unha vez máis, unha espectacular mostra de gando equino.

Ás 11.00 horas arrancará o exame dos animais que se presentan aos distintos concursos, a cargo dos xuíces de Apreval quen tamén valorarán as medicións de animais para as carreiras, dende as 12.00 horas. A mañá rematará en torno ás 14.00 horas chegará o momento musical na sesión vermú coa artista Verónica Cambón.

Non será ata ás 15.15 horas o comezo das carreiras de andadura. Nelas, cada xinete terá dereito a unha volta de recoñecemento. A organización adicte que será obrigatorio o uso de casco. Para a participación nas carreiras é preciso inscribirse ata o 10 de xullo no teléfono 609 730 572, en horario de 14 a 15 horas e de 20 a 23 horas. A xornada rematará coa entrega de premios e festa con Verónica



Cambón.

Entre os premios destaca ao Mellor animal de Castroverde ou o Mellor animal da Feira que recibirán 25 euros cada un ou o Maior número de cabezas cabalar e asnar con 100 euros.

Nas carreiras de andadura, os primeiros recibirán 100 euros, o segundo clasificado 60, e o terceiro e cuarto, 40 e 20 euros, respectivamente. Ademais, se recoñecerá cun diploma ao quinto clasificado.



A Deputación inviste en 4 núcleos de poboación

A Deputación de Lugo vén de redactar o proxecto para o arranxo do firme en máis de 11 quilómetros da estrada provincia LU-P-1201 que une varios núcleos de poboación no concello de Castroverde.

Miranda, Cellán de Mosteiro, A Pumarega e San Xulián de Pereirama serán os núcleos que verán mellorada esta infraestrutura. A está tramitando o contrato para executar as obras, coa previsión de que comencen nun prazo de 3 semanas.

Os traballos teñen un orzamento de 45.000€ e afectarán ao treito da vía comprendido entre os puntos quilométricos 3,8 e 14,9. O proxecto inclúe a reparación de fochancas, mordentes, afundimentos e defectos similares; repavimentación de zonas degradadas e repavimentación de zonas con maior degradación.

Estas melloras son moi relevantes porque a vía dá servizo a numerosos veciños e veciñas que transitan por esta estrada a diario, así como a explotacións gandeiras e empresas. O proxecto tamén contempla melloras noutra estrada de Castroverde. Trátase da LU-P-1204, que une os

núcleos de Bolaño, Bitureiro e Outeiro, no treito comprendido entre os quilómetros 4 ao 4,2.

Estímase que será necesario e suficiente o prazo dun mes para a correcta e completa execución destas obras. O resultado destes traballos vai reverter na seguridade viaria da veciñanza, ademais de beneficiar a súa comodidade ao poder circular por un firme rehabilitado sen as deterioracións que presenta actualmente a estrada.

A Deputación de Lugo, con esta nova actuación, leva investido nos últimos anos máis de 800.000€ nesta estrada provincial. Unha delas foron os traballos de ensanche e mellora no tramo que une os núcleos de Coto, no Corgo, e Agustín, en Castroverde, nas que a institución provincial investiu 378.000€.

As obras afectaron a 1,5 quilómetros, e consistiron no movemento de terras, a drenaxe transversal mediante a reposición das cunetas con tubos de formigón, a pavimentación con aglomerado en quente, e a sinalización horizontal e vertical, así como o balizamento e a limpeza de cunetas.

A Deputación aproba investimentos na localidade

Na reunión da Xunta de Goberno Local da Deputación aprobáronse dous convenios de colaboración con concellos de Pol e da Pastoriza “para que poidan prestar máis e mellores servizos aos seus veciños e veciñas”, explicou Pilar García Porto, “co que respondemos á función esencial da Deputación, que é a cooperación cos concellos”.

No caso do Concello de Pol, aprobouse unha achega económica da Deputación por un importe de 273.000 euros para melloras en vías públicas municipais, no campo de fútbol, e para completar e mellorar a rede de abastecemento de auga. En total, faranse 12 actuacións grazas a esta aportación da Deputación, que beneficiarán a centos de veciños e veciñas do concello de Pol.

Polo que respecta ao Concello da Pastoriza, aprobouse unha colaboración da Deputación por importe de 20.000€, destinados ao equipamento das vivendas habilitadas nas antigas escolas unitarias das parroquias de Vián e Reigosa.

A CHMS traballou na conservación do Azúmara

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, continúa traballando na limpeza de leitos e marxes dos ríos de Lugo.

Nestes días, as cinco brigadas destinadas na provincia de Lugo están a executar actuacións de mellora da capacidade de desaugadoiro nos ríos Támoga, Miño, Ferreira, Rego Guimarães e Azúmara, nos municipios de Cospeito, Lugo, Portomarín, Castro de Rei e Pol.

ACTUACIÓNS. áis concretamente, no río Azúmara, ao seu paso polo municipio lucense de Pol, a actuación comprende unha lonxitude total de 8 km de leito. Os traballos consisten na mellora da capacidade hidráulica e na retirada dos tapóns illados que se atopan ao longo de todo o tramo, así como, árbores caídas e con perigo de caída.

“Estas actuacións, proxectadas



despois da inspección da nosa gardería fluvial, son a clave para mellorar a capacidade de desaugadoiro do río e evitar danos ás persoas e os seus bens en momentos de intenso caudal” matizou Quiroga. “Desde a CHMS traballamos para que os cidadáns gocen e valoren a riqueza natural que forman os ríos e o ecosistema que os sustenta, coñecer para valorar, leste é o obxectivo”, concluíu o presidente.

pol

Unha proba de orientación abre as festas patronais o 23

O Concello está de festa. 23, 24 e 25 de xullo a localidade celebrará ao seu patrón, Santiago, cunha programación chea de música e festa que comezará o sábado 23 cunha proba de orientación Orientibirring, que sairá da praza do Concello. O primeiro día, rematará como non podía ser doutro xeito, con verbena a cargo das orquestras Fenix e Finisterre.

O domingo 24 é o día dos nenos, onde poderán gozar de xogos infantís dende as 17.00 horas. O toque musical poñerá as orquestras Venezia (en sesión vermú e verbena) e Fania Blanco Show que amenizará a noite. Ademais a charanga Ardores será a encargada de musicar as rúas da vila durante a tarde.



O luns 25 arrancará coa misa á que seguirá a sesión vermú coa orquestra Estrellamar que tamén estará na verbena. Durante o día a Charanga Mekanika amenizará o concello.

DEPORTES

Pita e Wagner Molina, nova estrutura deportiva do CD Lugo

O CD Lugo presentou a súa nova estrutura para a área deportiva. O ex xogador do club Carlos Pita será o novo Director Deportivo mentres que Wagner Molina fará de Secretario Técnico. Así o anunciaron o pasado xoves nunha comparecencia ante a prensa xunto ao presidente do club, Tino Saqués. Pita comezou a súa comparecencia agradecendo a Saqués a súa “valentía” diante da decisión de facelo Director deportivo pois, dixo, “aprenderei de Wagner moitas cousas, quero crecer xunto ao departamento cun bo traballo”. En canto a novos perfís para o club, advertiu que, primeiro, verán as opcións que se presentan e traballan “en diferentes fronteiras”, moveranse, avanzou, en función do mercado. Malia que non avanzou nomes, o ex capitán si puido dicir que confían na xente que está “e engadiremos algunhas cousas para ser máis competitivos”. Asemade, Pita asegurou que confían no filial “acaban de ascender a unha categoría importante, e temos xogadores que nos poden axudar. Farán a pretemporada varios xogadores do equipo”. Pola súa banda o Secretario Técnico amosouse “con moita ilusión”. Tivo tamén palabras de agrade-



Carlos Pita

cemento ante a confianza o presidente do club e asegurou que decidirán o traballo a facer “en función do noso criterio e do mellor para o club”. “Sabemos onde temos que reforzar, temos claras as ideas. Pero hai que seguir valorando”, explicou Molina quen considerou que, logo do fin da liga, toca valorar as opcións que traia o mercado. Wagner Molina asegurou que “1ª RFEF é unha categoría interesante, con bos xogadores. Imos tela moi controlada, é importante para nós. En canto ao xogador portugués, aquí sempre renderon ben, e cremos que pode haber algunha opción deste mercado”.

Asemade, reforzou o discurso de Pita ao confiar no CD Lugo B para dar “unha continuidade” ao primeiro equipo.

ADESTRADOR. A vindeira tempada preséntase con novas caras para o CD Lugo. Trala marcha de Albés, o equipo albivermello acordou a incorporación do asturiano Hernán Pérez como adestrador do primeiro equipo. Así, Pérez chega ao club logo dunha crecente traxectoria no fútbol estatal. Tras xogar como futbolista, foi adestrador no CD Lealtad, pasou pola estrutura deportiva do Real Oviedo, e dirixiu os persoais de UP Langreo, Barakaldo CF, Unionistas de Salamanca CF e, recentemente, o primeiro Xuvenil do Real Madrid. Segundo destaca o club, “o novo preparador do CD Lugo é garantía de compromiso e de traballo. Deixa un legado importante tras de si de mellora continuada e crecemento en todas as etapas”. Xunto a el, incorpóranse ao club Clemente Sánchez (segundo adestrador), e Adriá Díaz Valverde (analista). Hernán Pérez presentouse como novo adestrador. O asturiano, acompañado do director deportivo, Carlos Pita, agradecía a acollida.

O Motopark xestionará o circuíto de motocross



O Concello de Lugo aprobou en Xunta de Goberno a autorización para a xestión, por parte do Club Motopark Lugo, do novo circuíto de motocross Jorge Prado, situado nunha parcela municipal na parroquia de Teixeira. Será a encargada de xestionar a pista durante os próximos tres anos, ata un máximo de cinco, achegando un canon anual de 2.150 euros. O Club Motopark Lugo encargárase, así mesmo, da execución dun programa de mantemento e conservación da instalación, que se estima en 31.400 euros anuais. Deste xeito, deberá facerse cargo de diferentes labores de mantemento, entre as que se atopan: a súa limpeza diaria, tanto das zonas de aparcamento, paddock, zonas de público e demais espazos verdes do recinto; o desbroce e limpeza do entorno; ou o mantemento do

circuíto, cos medios mecánicos necesarios, para a recuperación do trazado, logo de cada sesión de adestramentos ou, no seu caso, de celebrarse unha competición. Así mesmo, a entidade que resultou autorizada deberá contratar un seguro de cobertura de responsabilidade civil, que cubra os accidentes dos usuarios, do persoal de mantemento e os diferentes operarios que realicen tarefas nas instalacións. A adjudicataria deberá presentar unha memoria anual da actividade realizada con detalle do número de usuarios, cuotas ou entradas abonadas pola utilización da pista, así como os gastos asumidos e realizados. No caso de que os ingresos obtidos superen os custos reais reflectidos en dita memoria, este exceso deberá destinarse a melloras na parcela.

A Copa Deputación foi para equipos de Lugo

Chega ao seu final a Copa Deputación nas diferentes categorías con premio para os equipos da comarca. Na categoría sénior para os equipos de Primeira e Preferente o título foi para o Outeiro de Rei, que venceu na final ao Chantada Atlético por 2-3. A pasada semana rematou a outra categoría sénior masculina (Segunda e Terceira) coa vitoria do SD Becerreá, que alzou a copa na final disputada contra o Iberia CF en Sarria. O campo da Ribela puido ver impoñerse ao equipo da montaña sobre o mariñán nun 1-3 que da a vitoria ao Becerreá tras case corenta anos de historia. Pero a Copa Deputación non só deixou bo sabor de boca na Montaña. O CD Lugo feminino vencía ao SD Antas no estadio da Ribela nun-

ha reñida final. As rapazas de Joaquín Blanco conseguiron remontar á metade do partido, despois de que as ulloás meteran dous puntos nos primeiros minutos de partido.

NENOS. Ademais, tres equipos da cidade puideron alzar a copa provincial en cadansúa categoría. En alevín, foi o Ceosport quen, no campo de Becerreá, superaba en xogo ao Piringalla. Os benxamíns da Residencia celebraron a Copa Deputación logo de disputar a final e Vilalba e vencer ao Foz. O Por último, festa tamén na capital, polo Polvorín prebenxamín que se facía co título provincial tras gañar ao Piringalla, na casa. Nas categorías provinciais, o Antas cadete tamén se fixo co trofeo tras vencer ao Residencia B.

Coa mente na próxima tempada

Por Adrián Fernández

Rematou a festa e con ela deixamos atrás un ano increíble que ficará na memoria da afección, pero no clube teñen que traballar xa na próxima tempada e nós, aínda que poidamos desfrutar un pouco máis, tamén temos que pensar nela. O malo dun equipo pequeno coma nós é que despois dun bo ano a nivel deportivo, a posibilidade de manter o plantel é improbable, o que fai que teñamos que crear un equipo case de cero. O único xogador que renovou xunto cos irmáns Quintela foi Lukovic e semella que non vai a haber máis xa que dase practicamente por perdidos a Kalinsky e a Iván Cruz. Pero o clube contaba con isto e xa comezou a construción do novo equipo. Á incorporación de Justus Hollatz engadíraselle estas semanas a de Sergi García de Gran Canaria, Stefan Momirov

do Kolossos de Rodas e Nemanja Nenadic do Zostal Zielona Góra. Pese aos rumores sobre a volta de Sulejmanovic ao Pazo ou a cesión de Yannick Nzosa por parte do Unicaja, polo momento son só iso, rumores e por parte do clube non hai presa, é mellor ter paciencia e non precipitarse. Por outra parte, unha boa nova é a renovación do corpo técnico a falta da resposta de Javier Muñoz. A noticia máis importante ata o momento é a participación do equipo na fase previa da BCL, o que fai que o Breogán volva a xogar en Europa 37 anos despois daquela histórica participación na Copa Korac. 24 equipos loitarán por 4 prazas dos que destacamos o Brose Bamberg de Alemaña, o Strasbourg de Francia, o Tofas Bursa de Turquía e o Unicaja entre outros. Vai estar difícil acadala praza pero confiemos nas nosas posibilidades pese a non ser cabe-

zas de serie e a ter case descartado a Lugo como sede dun dos grupos da previa. Esta fase de grupos xogarase do 21 ao 25 de setembro o que non afectará ao desenrolo da pretempada do Breogán, unha pretempada que vai comezar o 15 de agosto. Con todo isto, a campaña de aboados iniciárase o 4 de xullo e o clube xa avisou que haberá unha pequena subida de prezos pero incluírán os encontros da competición europea se conseguímla clasificación; outra novidade será a posibilidade de financeira cuota. Todo está en marcha de cara a seguinte tempada, un ano que pode ser histórico se conseguimos unha das 4 prazas da BCL e que comezaremos cun lavado de cara no Pazo grazas a un mural feito por Diego As no que poderemos ver a un león e a Breogán intimidando aos visitantes.

Comeza o mes das carrilanas

As localidades de Ribeira de Piquín, Abadín, A Pontenova e Meira acollen en xullo as baixadas que pecha Alfoz en setembro

As carrilanas son o deporte de inercia máis antigo que existe. Basicamente trátase de descender portos de montaña en vehículos de 3 ou 4 rodas equipados con dirección e freos e, por suposto, sen ningunha propulsión. Córrense desde hai moitos anos nas festas patronais pero nos últimos anos teñen evolucionado combinando a competición, o bo ambiente para ser converter nunha sinal de identidade cultural da zona. Nos últimos anos convertéronse nun verdadeiro xerme de pilotos para as disciplinas do bobsleigh, skeleton e luge sobre xeo pola gran cantidade de puntos que teñen en común. Este deporte está baixo a normativa da Federación de Deportes de Inercia ou FDI, que é unha organización sen ánimo de lucro, de ámbito nacional, que engloba, normaliza e regula a práctica deste deporte de descenso. A provincia de Lugo empeza a ser un centro importante da práctica deste deporte, axudado sen dúbida pola súa orografía e empuxado tamén polo elevado público que acude a estas citas, que se están a contaxiar entre concellos veciños. Agora mesmo, na provincia de Lugo dispútase ao ano sete probas deportivas e quitando a de San Clodio, en Ribas do Sil, o resto teñen lugar en concellos próximos a Abadín, que foi o xerme da iniciativa. Das sete, cinco teñen lugar no mesmo mes, xullo e son precisamente todas en concello veciños. O circuito comezou en Ribas do Sil o pasado 25 de xuño, na que foi a

primeira das edicións da baixada e continúa este mes todas as fins de semanas seguidas comezando por Ribeira de Piquín (o 9), Abadín, A Pontenova, Riotorto e Meira. Finalmente, en setembro é a vez de Alfoz, que pecha o calendario. A tradición apórtaa Abadín e A Pontenova, esta última cita imprescindible non calendario dos deportes da inercia xa que as súas puntuacións son válidas para o campionato e a Copa de España.

RIBEIRA DE PIQUÍN

A Asociación Carrilanas Os Meiregos organiza a segunda baixada de carrilanas no concello de Ribeira de Piquín. A Asociación de Carrilanas os Meiregos é un club formado por veciños e amigos de Meira e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios.

ABADÍN

Abadín acollerá un ano máis o descenso de Carrilanas, unha actividade que se celebra de forma ininterrompida na localidade desde hai dezasete anos. Nesta ocasión, a competición terá lugar o domingo 17 de xullo e o percorrido constará de 3.600 metros desde A Corda ata o centro de Abadín, concretamente ao lado do centro de saúde. Esta celebración xurdiu como complemento das festas patronais que teñen lugar en setembro pero pouco a pouco foron agrandando a súa




competencia e na cuarta edición cambiaron xa a data para xullo tendo a súa propia identidade no programa de actividades municipal.

A PONTENOVA

O vindeiro sábado 23 e domingo 24 de xullo as carrilanas volverán á Pontenova, da man do Campionato de España dentro da Federación de Deportes de Inercia. Esta proba deportiva comezará o sábado coas verificacións dos vehículos participantes na proba e os adestramentos. Xa o domingo 24 de xullo será o día da carreira e acto seguido a entrega de premios seguida dunha sesión vermú. Para participar será necesario inscribirse antes do 20 de xullo. E para calquer dúbida haberá que enviar un email a motoreopontenova@gmail.com. É a competición máis importante do ciclo lugués, xa que ademais da Copa Galicia, é puntuable para as dúas competicións nacionais.

RIOTORTO E MEIRA

Os concellos veciños de Riotorto e Meira comparten moitas actividades e non podía ser menos neste caso. Na mesma fin de semana en días consecutivos terá lugar unha baixada de carrilanas en Riotorto o sábado e o domingo en Meira.



Ambas as dúas están organizadas pola a Asociación de Carrilanas os Meiregos, a mesma que fai a de Ribeira de Piquín. Para a vila do Miño será tamén a segunda edición mentres que a de Riotorto terá lugar por primeira vez este ano.

ALFOZ

Pecha o calendario a localidade de



Alfoz, que volverá ter carrilanas o 17 de setembro de 2022. A actividade está organizada pola Asociación Cultural e Xuvenil O Castelo, un club formado por veciños e amigos de Alfoz e esta celebración ten o dobre obxectivo de reivindicar esta práctica e ao mesmo tempo traer turismo á zona e axudas aos negocios. Sen dúbida, será o colofón do verán.

DATA	CONCELLO	COPA GALICIA	COPA DE ESPAÑA	CAMPIONATO DE ESPAÑA
25 de xuño	Ribas de Sil			
9 de xullo	Ribeira de Piquín			
17 de xullo	Abadín			
23/24 de xullo	A Pontenova			
30 de xullo	Riotorto			
31 de xullo	Meira			
17 de setembro	Alfoz			



“O noso palmarés é froito de moitos anos de traballo”

O equipo Alpha Wolf Pack está capitaneado por Luis Castaño

O jiu jitsu é un deporte de contacto, unha arte marcial, que serve aos corpos máis pequenos para derrotar a un corpo de maior tamaño e peso. Xogar coa técnica axuda a vencer ao contrincante. Así o explica o equipo Alpha Wolf Pack, capitaneado por Luis Castaño e que se dedican, en Lugo, a ensinar diferentes deportes de loita. Están na rúa Catasol e invitan a probar os deportes de contacto a todo aquel que desexe formar parte dunha familia chea de bos valores centrados nunha vida sá.

Cando nace Alpha Wolf Pack?

O equipo nace no ano 2012. Como creador do mesmo, buscaba un lugar onde adestrar. Nesa época, non había onde practicar estes deportes nin na provincia de Lugo nin

na de Ourense. Así que, para poder entrenar, Luis Castaño crea un grupo de adestramento para ensinar a outra xente e, de paso, poder practicar el.

Cantas persoas conforman o club?

Actualmente, somos arredor de cen membros en tres filiais.

Que idades poden competir no equipo?

Temos membros dende os cinco anos ata os 55, nestes momentos. Pero non só nos adicamos á competición. Tamén ensinamos defensa persoal y difundimos valores a través dunha vida sá por medio do deporte.

En que consiste o Jiu Jitsu?

O Jiu Jitsu é unha arte marcial. Deporte de contacto creado para

que unha persoa pequena e débil puidera vencer a unha máis grande e forte por medio da técnica. Ten unha parte de defensa persoal e outra parte máis deportiva, de competición.

Que outras disciplinas traballades?

Ademais do Jiu Jitsu (BJJ) tamen facemos MMA (Artes Marciais Mixtas), Luta Livre Brasileira, que é unha loita con finalizacións, e Lethwei ou Boxeo Birmano, similar o Muay Thai pero mais completo. En xeral nos dedicamos aos deportes de loita.

Tedes un palmarés importante con varios campións estatais en distintas categorías, como se consegue isto?



O noso palmarés é o froito de moito traballo. Non só nos derradeiros dez anos, que levamos co club senón dende moito antes. Traballo, tanto do noso profesor coma de todos os membros do equipo que se esforzan moito por eles mesmos e polos seus compañeiros. Son anos de moitos adestramentos, de adicación, esforzo, cursos formativos, viaxes e moitas competicións.

Que habería que facer para formar parte do equipo?

Para formar parte do noso equipo

hai que ter ganas de aprender, de mellorar e ter boa vontade. Somos unha familia e queremos que así siga sendo. Invitamos a vir probar a todo o que o desexe e a unirse á nosa familia.

Onde se vos pode atopar?

En Lugo, estamos en Rúa Catasol, 17, no ximnasio que hai aí. Ademais estamos en Rúa Garrida, en Ourense e en Rúa Silveira, na Rúa. Asemade, poden atoparnos nas redes sociais e na nosa web www.wolfpack.es.

Ritmolugo acada 14 ouros no campionato de España de baile

O Club Ritmolugo vén de acadar 45 melladas no Campionato estatal de bailes caribeños celebrado en Narón, 14 ouros, 16 pratas e 15 bronce. O bailarín internacional e director do club, Jandro Pallares, revalidou o primeiro posto en parellas adulto e en Salsa Shine, e en Bachata Shine sobre tamén á primeira posición. Deste modo e tras os resultados na cita nacional, xunto á súa parella, Yolanda Rufino, mantense como número 1 do ránking nacional.

Nas categorías inferiores, a gran medallista da fin de semana foi Alejandra Amaris, que se fixo co ouro en Salsa Shine Dúo (xunto a Carla Lema), Salsa Shine e Bachata Shine, dentro da categoría Júnior, ademais da prata grupal en Caribbean Show Dance Grupo.

Na categoría Xuvenil 1, entre individuais e parellas, o club acadou dous ouros e cinco pratas ademais dunha medalla de bronce destacando o traballo de Alma Díaz, que ela soa sumou un ouro, dúas pratas (xunto á súa parella Yerhai) e un bronce.



Os deportistas de Ritmolugo na disciplina de Caribeños

Tamén tiveron ouro as irmáns Mara e Vera Espino e prata Martina Ortiz. En Xuvenil 2, houbo medalla de ouro e prata para Andrea Lema e Yadhira Álvarez quedou subcampioa en Bachata. A estas súmanse dous bronce. Os Júnior acadaron a prata en Caribbean Show Dance Grupo e o título de campións estatais en parellas de Aitor Castro e Cristina Lago.

Na categoría de adultos, as outras dúas medallas foron para o dúo formado por Uxía Fernández e Lara Carrera, que se fixeron coa prata.


Resalta tamén a medalla de bronce en parellas Sénior conseguida por Lucía Cabado e Pablo Traseira.

HIP HOP. Non só foron os ritmos caribeños os do Campionato de España de baile, tamén houbo premios para a categoría de hip hop. O club Gravity fíxose coa prata na categoría infantil e co bronce en youth e absoluta. Na Júnior foi campión tamén outro club lugués, Star Dance. Na categoría Premium acadaba o terceiro posto Ritmolugo.

Éxito do CD Biosbardo no Trail Heroica Sacra

Éxitos deportivos esta pasada fin de semana para o CD Biosbardo. Os seus deportistas voltaron a estar repartidos por múltiples eventos, como xa é habitual coa volta á normalidade competitiva. Os nomes da xornada, sen dúbida, foron Katia Senín e Enara Fernández, campioas no Trail Heroica Sacra, disputado entre Chantada e a Praia da Cova (O Saviñao); un trazado de 22 quilómetros e 2300 metros de desnivel acumulado que se celebrou o domingo.

As corredoras disputaron a modalidade por equipos, onde unha integrante percorreu os 11 primeiros km e a outra a segunda parte, outros 11km. As deportistas do C.D.Biosbardo apostaron por unha estratexia gañadora; Enara Fernández realizou o primeiro segmento, máis técnico; metros que Katia Senín tomaría o relevo para lanzarse sen miramentos de cara á meta. Nun final vibrante a vitoria decidiuse no último quilómetro, donde o primeiro e segundo equipo



feminino ían á par. Katia realizou un descenso a meta brillante, collendo unha vantaxe duns metros que mantuvo ata o sprint final e levándose a vitoria por tan só 5 segundos recibindo un sonoro aplauso do público presente en Praia da Cova.

No cadro masculino os deportistas do CD Biosbardo colocábanse con comodidade no top 10 nunha carreira que percorreu os bancais da chamada viticultura heroica, que daba nome á proba.

COLABORACIÓN

Traballar para o inglés


COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A todos nos resulta familiar esta expresión, polo que non precisa de moita explicación. O que ven significando, é que un se esforza en algo para que lle saquen proveito outros e non un mesmo, quen realmente fixo o traballo. Unha frase esta escoitada a cotío e quen a pronuncia en primeira persoa non pode evitar sentirse como un parvo. Porque a ver que impresión podemos ter cando lemos novas nos xornais onde nos contan que un país como Noruega seduce a titulados en Enfermería galegos - e tamén aos que están a camiño - con ofertas salariais de tres mil euros mensuais, así como aloxamento e formación gratuítas. Xa polo miúdo, o ofrecemento noruegués inclúe viaxes pagadas e unhas condicións laborais e profesionais do

máis atractivas. Como dicir que non a tal ofrecemento, a pesar de que durante meses non se vexa aparecer o sol e as temperaturas invernaís sexan moito máis baixas que na Serra do Xistral, ou que unha vez asinado o contrato, o enfermeiro/a poda ser trasladado dunha localidade a outra en función das necesidades do momento. Un hándicap este que lles produciría risa incontrolable a aqueles profesionais autóctonos que precisan metros de papel para imprimir a súa vida laboral, con innumerables contratos, algúns non superando o día de duración. Entón, volvemos á expresión inicial e de contado deducimos o que se pretende transmitir. Aquí no País, investimos na educación de centos e centos de mozos e mozas, desde a súa etapa inicial ata a universidade, que unha vez graduados fan as súas maletas para ocuparse alén das nosas fronteiras, ante as pésimas expectativas que atopan na súa propia Terra en compa-



ración con tentadoras propostas como a sinlada. Establecendo un símil futbolístico, somos como aqueles equipos que traballan concienzudamente cos seus deportistas máis novos, que os forman, cuidando deles en toda a súa evolución, pero

cando chegan á idade adulta e triunfan, de contado ven un clube grande e a golpe de talonario arrampla con eles, sen que se poda facer nada contra esa realidade. Pois mellor comparación, un non pode atopar. Seguimos, como desde tempos

pasados, sendo terra de emigrantes. Xa no século XIX e principios do vinte, asistimos a ese fenómeno, que se repetiría décadas despois, con diferentes destinos. Daquela, unha Galicia pobre e atrasada que non era quen de facilitar traballo de abondo aos seus fillos, polo que moreas deles optaron por marchar. Hoxe é diferente; vemos como parte da xeración que se di a máis preparada, estudada nos colexios, institutos e universidades das nosas vilas e cidades, prepara os bártulos para exercer a súa labor profesional moi lonxe de aquí. Temos un problema e dos grandes, porque resulta que tampouco se cubren postos de traballo nun campo tan elemental, a sanidade, co que iso significa nunha sociedade avellantada como a galega. Así vemos que nalgúnhas localidades, en períodos de vacacións ou baixas, médicos e enfermeiros non son substituídos. En fin. Todo un desafío por diante, pero se seguimos traballando para o inglés, mal imos.

Conversa co fisioterapeuta de Aspace

RECOMENDO LUGO



Fernanda Arrojo

Nestes últimos meses dediquei as miñas colaboracións neste xornal a recomendar Lugo por diferentes motivos. A partir de agora quero dedicalas a falar con persoas que, veciñas desta cidade, coñezo e que considero, na miña modesta opinión, que se lles deben dar voz polo que fan e polo que pensan, sempre estiveron e están moi vinculadas a Lugo e ás súas xentes. Un exemplo disto o representa José Ricardo Núñez Liñares, fisioterapeuta da entidade ASPACE-LUGO. Orixinario de Cuba onde estudou Farmacia e Fisioterapia e que, fai dúas décadas, trasladou a súa residencia a España, concretamente a Lugo. Durante este tempo completou a súa for-



mación, obtendo os seguintes títulos: Osteopatía, Neuroloxía pediátrica, Kinesiología aplicada, Imaxen biomédica para

fisioterapeutas e Fisioterapia manipulación articular. É nesta cidade onde exerce a súa profesión de fisioterapeuta

dende a súa chegada. Primeiro nunha clínica de rehabilitación e, na actualidade, compaxina a actividade privada co seu traballo en Aspace-Lugo, asociación de persoas con Parálise Cerebral e enfermidades afíns. Como atopaches a fisioterapia en Lugo, cando chegaches?: Ben, aínda que en certa medida diferente ao que estaba afeito no meu país. En Cuba traballaba só con nenos e nenas con Parálise Cerebral, aquí tiven que ampliar o campo e traballar con todas as especialidades, polo que me decidín ampliar os meus coñecementos. E hoxe?: Hoxe os profesionais posúen un alto nivel de especialización. O importante é traballar coa persoa, non só centrarse na lesión. Coñecer ao paciente e a súa contorna é fundamental e, deste xeito se está a traballar en Aspace Lugo. Canto tempo levas traballando nesta entidade?: Empecei colaborando fai dezaseis anos, me-

drando as miñas intervencións co paso do tempo. Que destacarías do teu labor na entidade?: Tes que ter en conta que é un traballo continuo e prolongado no tempo. Un proceso longo que, en ocasións, non dá resultados a curto prazo. Debemos buscar, sobre todo, o benestar da persoa. Aceptar unha discapacidade custa e afecta, en maior ou menor grao, a todo o núcleo familiar. Por iso, é moi importante traballar coas familias e, ademais do servizo de atención familiar que presta a traballadora social e a psicóloga da entidade, durante a fisioterapia, no caso das sesións coa infancia, convido aos pais e ás nais a quedarse para que se impliquen, persoalmente, na rehabilitación dos seu fillo ou filla. Traballar as capacidades individuais, establecer pequenas metas, sendo realistas e valorando o esforzo, son factores fundamentais para o desenvolvemento da persoa.

1, 2, 3, responda outra vez

SENTIDIÑO, POUCO PERO QUE DURE



Noelia Castro Yáñez

O cuestionario Proust é un conxunto de preguntas contestadas polo escritor francés Marcel Proust, empregado a miúdo por entrevistadores modernos coma Javier Aznar no podcast Hotel Jorge Juan. Conversas arredor dunha chisporroteante copa de Seagrams, tónica, e sei firmemente con que tono se vai a ler o adxectivo des-de Gaibor. Chisporroteante. Só fai falla algo para mascar, pensar, crer e medrar.

Como tamén sei que eu non vou a ter que enfrontarme a estas preguntas endexamáis diante dun micro, vounas a contestar aquí. Polo menos, algunhas, as que me de tempo antes de pasar

a facer outra cousa. Ou as xustas para facer os tres mil cinco centos caracteres e poder marcar outra cruz na páxina que vai de hoxe a onte. Son trinta preguntas para coñecer en profundidade a unha persoa, así que tampouco podo contestar a todo con verdades absolutas, basicamente porque tampouco existen e porque non é a finalidade última nin desto nin de ningunha entrevista. Coido que en cada conversa do podcast, cada entrevistado acaba proxectando o que quere ser moito máis alá do que é na realidade.

Cal é o aspecto principal da miña personalidade? Coido que o pensamento crítico, a tenacidade froito da cal rematei a carreira e dirixe todos e cada un dos días da miña vida. Proust contestou que a necesidade de ser amado, máis alá da necesidade de ser admirado. E agora que xa respondín o que debería, direi que

o forte temperamento é o que rixe a miña personalidade, a vena abultada á mínima de cambio, a mecha curta.

Cal é a cualidade que máis valoro noutra persoa? Aquí non teño dúbidas, a bondade. A boa fe como maneira habitual de proceder, sen intereses de por medio, interésame cando actúa e fala o corazón. Dixo Zuazua, de nada serve que queiras algo ou a alguén, se malia que sexa das túas persoas máis queridas, ela non o sabe. E non podo estar máis de acordo.

O meu erro principal? Preguntá-delle á miña nai, que non é china, pero podería selo perfectamente. Por esa maneira tan súa de enumerar defectos e erros coa finalidade de seren mellorados, pero nunca, nunca, as virtudes, non vaia ser que me confunda e me confíe.

A miña ocupación favorita non é escribir nunha cafetaría coma Mauro Libertella, é ler na Ri-

gueira, é ter tempo para H. E a miña idea de felicidade perfecta é saber que toda a xente que quero está ben, ten saúde e non me asusto cando escoito a melodía de chamada do iPhone, para min a felicidade ten moito de con quen e moi pouco de como. Aquí si que coincido con Proust, e teño medo de que non sexa o suficientemente grande, teño medo a destruílo se o digo. Igual ca o maior infortunio sería non coñecer á miña nai ou á miña avoa Anisia, da igual cando conteste esto. A miña cor favorita depende de para que. Podería dicir que o gris, nun mundo de brancos e negros, a min defíneme o gris.

Que me gustaría ser? Feliz, a ratiños e de cotío. Aos poucos. Porque eu mesma xa son, e aquí, non entendín a resposta do autor.

Non teño flor favorita, así que podedes preguntarlle a B., que terá seis ou sete nomes e quedome co

descarte. O paxaro favorito é calquera que non sexa unha gaivota, non me gustan especialmente as aves, só no prato diría se non tivese a pretensión de ser politicamente correcta. A miña poetisa favorita é Rosalía, porque sinto a súa mesma dor cando a leo, porque busco xente que me faga sentir, e ela consígueo a través do papel, sen sermos coetáneas ela sempre é a que me le o corazón a min.

E non contesto máis, para non espirme, pero seguirei a preguntarlle aos meus que se tivesen na man unha cápsula para facelos un dez por cento máis listos pero que os perciban un vinte por cento máis parvos, a tomarían. Sabendo que eu si, porque di Jabois que que te perciban máis parva é xogar con moita vantaxe na vida, e porque esa foi a miña máxima cada día que entrei nunha aula da Facultade de Matemáticas.

Covid e saúde mental

O PUPITRE



Julio Díaz

A pandemia que vivimos acaba de poñer de manifesto, incluso de moda, todo o referido a saúde mental dos nosos rapaces e tamén de nos mesmos. De feito, permite que os temas referidos a esta cuestión, ocupen as primeiras páxinas da maioría dos medios de comunicación, sendo unha constante as continuas disertacións de boa parte de nosos dirixentes que, de forma aberta e directa, tratan sobre a saúde mental. Temos que recoñecer que dous anos de pandemia conseguiron mais que todo o esforzo de décadas de loitas e reivindicacións dos profesionais e das familias das persoas afectadas.

A saúde mental dos mozos españois de entre 15 e 19 anos sufriu un violento revés nos derradeiros dous anos. Os problemas relacionados ca saúde mental pasaron dun 9,5% no ano 2019 ao 17,7% no 2021. Hai que ter en conta que, antes da crise do Covid-19, neste sector da poboación era onde menos se detectaba a idea de suicidio, pero agora, pola contra, encabeza o grupo que con maior frecuencia posúe este tipo de pensamento suicida, pasando dun 5,5% no 2019 ao 12,3% no 2021, no grupo de idade



de 15-19 anos, e do 6,3% no 2019 ao 9,2% no 2021, no de 20 a 24 anos. Estes datos son algunhas das conclusións do Barómetro Xuvenil de Saúde e Benestar da Fundación Mutua Madrileña, realizado en España entre os mozos de 15 a 28 anos. Neste estudo constátase ademais a percepción que este grupo poboacional ten respecto o empeoramento da súa saúde física e mental nestes derradeiros anos. Este feito, debe espertar en nos, os docentes, unha alerta constante na vixilancia dos seus estados de ánimo.

Nestes últimos anos o deterioro da saúde mental que, por diferentes motivos, xa estaban sufrindo os nosos mozos, foi de repente incrementado e acentuado dun xeito notable pola chegada do Covid-19. Pero eles, ademais, víronse afectados por graves aspectos colaterais á propia pandemia como o peche

dos seus centros educativos, o medo ao contaxio, as constantes noticias sobre falecementos, as enfermidades no entorno familiar e incluso mortes, a imposibilidade de actividade física no exterior... Todo isto provocou un cambio substancial nas súas vidas: excesivo tempo na casa, moitas delas diante da tele e das "maquiniñas", sempre co móbil na man, con unha dependencia obsesiva das redes sociais e case nulo contacto co exterior e cos seus compañeiros.

Durante o confinamento desapareceu de feito o contacto directo con amigos, profesores, monitores deportivos, traballadores sociais... facendo que o número de consultas de saúde mental, mesmo de ingresos psiquiátricos, infantís e xuvenís, aumentaran de forma exponencial, acentuando e agravando os problemas que xa se sufrían antes do Covid-19.

O RECUNCHO DE CANELINA



Somos os propios docentes os que, a pesar da escasa preparación recibida para detectalos, observamos mais ansiedade, depresión, agresividade, estres e trastornos de conduta alimentaria nos nosos alumnos. Isto require unha urxente intervención das administracións educativas para lograr un amplo e consensuado Plan de Saúde Mental Escolar que minimice os devastadores efectos da pandemia que voltou do revés o equilibrado, pero á vez frágil quebra cabezas, que intentamos manter nos nosos centros educativos no referente a saúde mental e a convivencia dos

nosos rapaces. É por tanto indispensable deseñar e executar estratexias e programas baseados na prevención, avaliación e intervención nos avanzados trastornos mentais que os docentes observamos como se agudizan día a día de forma incesante e alarmante. A pandemia visibilizou os retos os que debemos enfrentarnos respecto a saúde mental dos nosos alumnos. É imprescindible que adoptemos medidas e que establezcamos estratexias para proporcionar ó alumnado un benestar emocional adecuado que pouco a pouco borre as fendas que a pandemia xerou.

DE RUTA EN RUTA

Castroverde: Ruta de Soutomerille

É un roteiro vinculado ao Camiño Primitivo, circular de 6 quilómetros, que permite coñecer a vila e os seus arredores

Unha vila abandonada a poucos quilómetros de Castroverde e pola que transcorre o Camiño Primitivo, árbores centenarias, bens de interese cultural, unha antiga cárcere e camiños de terra entre bosques autóctonos. Todo iso pódese atopar na ruta a Soutomerille.

Para adentrarse nela basta con realizar o roteiro circular de preto de 6 quilómetros que permite coñecer a vila e os seus arredores. A rotonda de Paderne, onde a estrada LU-530, que une Lugo e A Fonsagrada, conflúe coa LU-106, de Romeán a Bascuas, será a saída e chegada da ruta.

Xa no punto de inicio un cartel informativo marca o mapa de ruta e os puntos chave como a Pallota, o lugar de Soutomerille, o castiñeiro centenario da Corredoira ou o Camiño Primitivo, que atravesa a vila. Tras un treito de estrada, o camiñante collerá un sendeiro de terra que conecta esta ruta co Camiño Primitivo. Pouco despois, o paseante verá a antiga casa e taberna da Pallota, que se atopa xunto á lagoa co mesmo nome.

Avanzando no camiño chegarán ao seguinte punto chave na ruta: a igrexa de San Salvador de Soutomerille e a Casa Torre de Abaixo. A capela, abandonada na actualidade, conta cunha orixe misteriosa. E é que, mentres uns tildan a edificación como prerrománica, outros sitúan a súa construción en época mozárabe.

No ano 1619 foi reformada, pero antes, segundo demostra un estudo, puido ser o centro dun mosteiro chamado Sauto Maireli. Que máis tarde sería o actual Soutomerille.

Pola súa banda, a Casa Torre de

Puntos claves do roteiro son a igrexa de San Salvador de Soutomerille e a casa Torre de Abaixo

Abaixo, declarada Ben de Interese Cultural, deixa constancia do que, nalgún momento, foi unha señorial construción que puido ser o lugar central dun recinto sacro. Na súa contorna, o camiñante poderá atopar tamén o cemiterio máis pequeno de Galicia.

Durante toda a andaina atopanse varios castiñeiros e carballos centenarios. Entre eles destacan o castiñeiro da Corredoira e, moi preto do Castro e a Croa, o do Neto. Para chegar á Croa de Soutomerille o camiñante deberase desviar uns metros do camiño e subir por un sendeiro. Arriba, atopará unhas



marabillosas vistas que poderán disfrutar sentados na pedra coñecida como Asento dos Mouros. Unha gran pena na que unha especie de pozas fan, ás veces, de asentos circulares. Un estreito sendeiro que atravesa

o bosque continúa a ruta ata volver a Soutomerille, esta vez pasando por outro Ben de Interese Cultural, como é a Casa Torre de Arriba, unha vivenda de tres alturas que conserva os restos da antiga torre e tamén os vestixios dunha vella

cárcere da que o Museo Provincial de Lugo conserva algunhas das súas cadeas. Voltaremos ao trazado do Camiño Primitivo, esta vez, en sentido contrario a Santiago, para á estrada que regresa á rotonda de Paderne.

DATOS



1 h 30 min.



5,27km.




Dificultade media

Cursos mensuales de CAP CONTINUA

- Permisos de conducir
- CAP inicial mercancías y viajeros
- ADR mercancías peligrosas / obtención y renovación
- Carretillas / plataformas elevadoras / Camión grúa
- Gestor de Transporte / Tacógrafo
- Formación bonificada de empresas

CURSOS GRATUITOS CAP CONTINUA





AVECUS
Río Naria, 48-50 Lugo
Telf. 982 817 561 info@avecus.es
www.avecus.es